

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO EN DATA 12 DE ABRIL DE 2012

No salón de sesións da Casa Consistorial do Concello de Fene (A Coruña), sendo as 18:00 horas do día 12 de abril de 2012, baixo a Presidencia do sr. alcalde-presidente don Gumersindo Pedro Galego Feal, reúnese, en primeira convocatoria, o Pleno do Concello ao obxecto de celebrar sesión ordinaria convocada para o día da data.

Asistiron os/as concelleiros/as:

Dona Rocío Aurora Bertoa Puente, don Alejandro Dopico Rodríguez, don Juan José Franco Casal, dona Juana Barro Couto, don José Andrés Serantes Painceiras, don Iván Puentes Rivera, don Antonio Luis Noceda Carballo, dona Amalia García Balado, don José Antonio López Rodríguez, dona María Carmen Silvar Canosa, don Juventino José Trigo Rey, dona Rita María Couto Seijido, don Manuel Polo Gundín, dona Inés Roca Requeijo, don Justo Martínez Ardá e dona María Carmen Martínez Rodríguez.

Secretario accidental:

Don Fernando Aradas García.

Interventora:

Dona Marta Roca Naveira.

A Presidencia, tras comprobar nos termos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 90.1 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, declara aberta a sesión, e procédese ao estudo e exame dos asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión ordinaria celebrada en data 1 de marzo do 2012 e das actas das sesións extraordinarias do 12 e 27 de marzo do 2012

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do Real decreto 2568/1986, de 28 de novembro, o sr. alcalde-presidente pregunta se existe algunha obxección ou observación sobre a acta da sesión ordinaria celebrada en data 1 de marzo do 2012 e das actas das sesións extraordinarias do 12 e 27 de marzo do 2012, previamente remitida coa convocatoria.

De seguido pide o uso da palabra a concelleira Inés Roca Requeijo, quen unha vez concedido, manifesta que na acta do día 12 de marzo na páxina 1, no apartado de asistencia, que onde di: "(.../...) Inés Roca Requeijo (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta) (.../...)" hai un erro de transcripción xa que ela permaneceu toda a sesión e que se trata dun erro de transcripción.

Ao non realizarse ningunha outra obxeccións ou observacións sobre as actas, o Pleno en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

Aprobar a acta da sesión ordinaria celebrada en data 1 de marzo do 2012 e das actas das sesións extraordinarias do 12 e 27 de marzo do 2012, coa correccións do seguinte erro:

Na acta da sesión extraordinaria de data 12 de marzo de 2012, na súa páxina 1, no apartado de asistencia, que onde di: "(.../...) Inés Roca Requeijo (quen se ausenta da sesión no momento que se expresa na presente acta) (.../...)", debe dicir: "(.../...) Inés Roca Requeijo (.../...)".

2. Aprobación, se procede, do acordo relativo á seca que afecta ao noso país (ditame a instancia do grupo municipal do PSOE)

A continuación intervén o alcalde que di que se trata dunha moción que está ditaminada favorablemente en Comisión.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que esta moción recolle a preocupación que ten o conxunto do país e aquelas persoas que

viven da agricultura e gandería respecto da situación adversa da climatoloxía, en relación coas choivas, que se está a vivir este ano. O ano 2011 foi un dos anos máis secos e cálidos e o que vai do ano 2012 semella que segue na mesma liña, continúa dicindo que o seu partido entende que o goberno galego e o de España non están a facer nada e que se está a aproveitar a seca para xustificar os lumes segundo se verá na vindeira moción. Consideran que a Xunta de Galicia debe adoptar medidas para protexer o medio de vida daquelas persoas que viven directamente do agro ou da poboación, que tamén precisa de auga nos encoros para beber e desenvolver a vida diaria. A continuación pasa a ler a moción que copiada di:

"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2011 foi o segundo máis seco dos últimos 50 anos e o sétimo máis cálido dende 1961, encadeáronse practicamente 6 meses entre abril e outono con escasas precipitacións.

No que vai de 2012 as precipitacións foron escasas e con valores moi por debaixo dos rexistrados nas mesmas datas do 2011, co cal a situación tende a empeorar.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene insta ao Goberno Galego a:

1) Aprobar de xeito inmediato o Plan Especial de Actuación en Situacións de Alerta e Eventual Seca que sinala a lexislación do Plan Hidrolóxico Nacional, o borrador do Plan Hidrolóxico da Bacía Galicia-Costa e a demais lexislación comunitaria, estatal e autonómica.

2) Adoptar as seguintes medidas para a actual situación de seca:

- a) Avaliar a situación actual de seca e as consecuencias sobre os distintos sectores da economía, medio ambiente e sobre a garantía de abastecemento de auga á poboación.
- b) Actuar con medidas de urxencia naqueles sistemas de abastecemento que poidan poñer en risco a garantía de auga para a poboación ao longo do ano.
- c) Evitar a sobreexplotación dos acuíferos que poidan estar xa danados pola seca.

3) Poñer en marcha as axudas necesarias aos sectores produtivos que están sufrindo as consecuencias da seca: agricultura, gandería, viticultura e outros, incluíndo cando menos as seguintes:

- a) Implementar de forma urxente axudas directas ás explotacións agrogandeiras afectas, chegando ao máximo permitido pola normativa comunitaria de minimis.
- b) Arbitrar liñas de financiamento cunha carencia especial nos prestamos dos plans de mellora, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007/2013.
- c) Activar unha liña de préstamos brandos para o aprovisionamento de forraxes nas explotacións, para cubrir os déficits das persoas que se dedican á gandería e agricultura pola compra de forraxes."

Prosegue dicindo o concelleiro Iván Puentes Rivera que, en definitiva, o que pretende esta moción é que o goberno galego se preocupe dos seus cidadáns e que tome medidas destinadas a axudalos e que lles permitan vivir o día a día con normalidade e resolver os seus problemas.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que quere propoñer unha emenda á moción, que no fundamental están de acordo coa moción pero pensa que a emenda que presenta mellora a redacción do texto no apartado 3 e amplía algúns aspectos, mellorando o contido xeral da moción. A emenda copiada di:

“Manuel Polo Gundín portavoz do Grupo municipal do BNG presenta, ao abeiro da lexislación vixente, as seguintes Enmendas de modificación e engádega á Moción do PSdeG-PSOE relativa á seca que afecta ao noso País.

EMENDAS

De modificación do punto 3,a) do seguinte xeito:

a) Implementar de xeito urxente axudas directas ás explotacións agrogandeiras polos danos causados pola seca, de xeito prioritario a través dun programa de subvencións que sexa autorizado polas institucións comunitarias facendo para iso as xestións políticas necesarias, ou subsidiariamente chegando ao máximo permitido pola normativa comunitaria de minimis.

Engadir un punto d):

d) Que inste ao goberno do Estado a establecer deducións e bonificacións fiscais e das cotizacións na seguridade social ás explotacións gandeiras afectadas pola seca.”

Engadir un novo punto 4):

4) Implantar un programa de mobilización de terras agrarias que permita que as explotacións aumenten a súa base territorial, reforzando os medios desde a administración galega para intervir de xeito eficaz no mercado da terra agraria co obxectivo de mellorar dispoñibilidade de terra agraria útil para as explotacións agrogandeiras en Galiza.

Fene, 11 de abril de 2012
Manuel Polo Gundín”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que acepta a emenda.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria a introdución da emenda ao ditame da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de data 4 de abril de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Ponte, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda incorporar ás emendas ao ditame que queda redactado coma segue:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2011 foi o segundo máis seco dos últimos 50 anos e o sétimo máis cálido dende 1961, encadeáronse practicamente 6 meses entre abril e outono con escasas precipitacións.

No que vai de 2012 as precipitacións foron escasas e con valores moi por debaixo dos rexistrados nas mesmas datas do 2011, co cal a situación tende a empeorar.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene insta ao Goberno Galego a:

1) Aprobar de xeito inmediato o Plan Especial de Actuación en Situacións de Alerta e Eventual Seca que sinala a lexislación do Plan Hidrolóxico Nacional, o borrador do Plan Hidrolóxico da Bacía Galicia-Costa e a demais lexislación comunitaria, estatal e autonómica.

2) Adoptar as seguintes medidas para a actual situación de seca:

a) Avaliar a situación actual de seca e as consecuencias sobre os distintos sectores da economía, medio ambiente e sobre a garantía de abastecemento de auga á poboación.

b) Actuar con medidas de urxencia naqueles sistemas de abastecemento que poidan poñer en risco a garantía de auga para a poboación ao longo do ano.

c) Evitar a sobreexplotación dos acuíferos que poidan estar xa danados pola seca.

d) Que inste ao goberno do Estado a establecer deducións e bonificacións fiscais e das cotizacións na seguridade social ás explotacións gandeiras afectadas pola seca.”

3) Poñer en marcha as axudas necesarias aos sectores produtivos que están sufrindo as consecuencias da seca: agricultura, gandería, viticultura e outros, incluíndo cando menos as seguintes:

a) Implementar de xeito urxente axudas directas ás explotacións agrogandeiras polos danos causados pola seca, de xeito prioritario a través dun programa de subvencións que sexa autorizado polas institucións comunitarias facendo para iso as xestións políticas necesarias, ou subsidiariamente chegando ao máximo permitido pola normativa comunitaria de minimis.

b) Arbitrar liñas de financiamento cunha carencia especial nos préstamos dos plans de mellora, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007/2013.

c) Activar unha liña de préstamos brandos para o aprovisionamento de forraxes nas explotacións, para cubrir os déficits das persoas que se dedican á gandería e agricultura pola compra de forraxe.

4) Implantar un programa de mobilización de terras agrarias que permita que as explotacións aumenten a súa base territorial, reforzando os medios desde a administración galega para intervir de xeito eficaz no mercado da terra agraria co obxectivo de mellorar dispoñibilidade de terra agraria útil para as explotacións agrogandeiras en Galiza.”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que agradecen a introdución da emenda e pasa a dar lectura dela.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que está de acordo coa moción e coa emenda do grupo municipal do BNG, que na moción se pedía unha liña de préstamos brandos pero que lle gustaría mais que foran subvencións xa que o agro xa está bastante castigado coma para que se afogue con mais préstamos, que está a favor da emenda e, coma xa fixo na Comisión, vai votar a favor da proposta.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que o Partido Popular se vai abster principalmente porque cada un dos puntos que inclúe a moción xa están sendo levados a cabo polo goberno de Núñez Feijoo, que a realidade que está a vivir Galicia é bastante crítica debido ás condicións hidrolóxicas que conducen a esta seca, que o presidente da Xunta de Galicia adoptou medidas concretas coa fixación dun protocolo iniciado hai bastantes meses que se concretan, agora, con medidas coma é a adopción de axudas necesarias para a gandería e a agricultura, que se ven prexudicados por esta seca e que aproveita para pedir dende o Pleno a tódolos veciños e veciñas responsabilidade co consumo da auga. Di que dende o goberno da Xunta de Galicia se vai priorizar o consumo da auga garantindo dende un primeiro momento a prioridade ao consumo humano e en segundo lugar o consumo animal, os usos ambientais e por último os usos produtivos.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame emendado da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de data 4 de abril de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

1) Aprobar de xeito inmediato o Plan Especial de Actuación en Situacións de Alerta e Eventual Seca que sinala a lexislación do Plan Hidrolóxico Nacional, o borrador do Plan Hidrolóxico da Bacía Galicia-Costa e a demais lexislación comunitaria, estatal e autonómica.

2) Adoptar as seguintes medidas para a actual situación de seca:

a) Avaliar a situación actual de seca e as consecuencias sobre os distintos sectores da economía, medio ambiente e sobre a garantía de abastecemento de auga á poboación.

b) Actuar con medidas de urxencia naqueles sistemas de abastecemento que poidan poñer en risco a garantía de auga para a poboación ao longo do ano.

c) Evitar a sobreexplotación dos acuíferos que poidan estar xa danados pola seca.

d) Que inste ao goberno do Estado a establecer deducións e bonificacións fiscais e das cotizacións na seguridade social ás explotacións gandeiras afectadas pola seca."

3) Poñer en marcha as axudas necesarias aos sectores produtivos que están sufrindo as consecuencias da seca: agricultura, gandería, viticultura e outros, incluíndo cando menos as seguintes:

a) Implementar de xeito urxente axudas directas ás explotacións agrogandeiras polos danos causados pola seca, de xeito prioritario a través dun programa de subvencións que sexa autorizado polas institucións comunitarias facendo para iso as xestións políticas necesarias, ou subsidiariamente chegando ao máximo permitido pola normativa comunitaria de minimis.

b) Arbitrar liñas de financiamento cunha carencia especial nos préstamos dos plans de mellora, no marco do Programa de Desenvolvemento Rural de Galicia 2007/2013.

c) Activar unha liña de préstamos brandos para o aprovisionamento de forraxes nas explotacións, para cubrir os déficits das persoas que se dedican á gandería e agricultura pola compra de forraxe.

4) Implantar un programa de mobilización de terras agrarias que permita que as explotacións aumenten a súa base territorial, reforzando os medios desde a administración galega para intervir de xeito eficaz no mercado da terra agraria co obxectivo de mellorar dispoñibilidade de terra agraria útil para as explotacións agrogandeiras en Galiza.

3. Aprobación, se procede, do acordo relativo ó incendio no Parque Natural das Fragas do Eume (ditame a instancia do grupo municipal do PSOE).

A continuación intervéñ o alcalde que di que se trata dunha moción que está ditaminada favorablemente en comisión.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen, unha vez concedido, manifesta que esta moción é consecuencia dun dos feitos mais graves que pasaron na comarca nos últimos tempos dende o punto de vista medioambiental, que foi o incendio das Fragas do Eume, que afectou á maior reserva de bosque atlántico de Europa. O parque das Fragas do Eume é un motor

económico que, dende o punto de vista do turismo, o será mais no futuro e desexa que tamén se inclúa a interese comunitaria das Fragas do Belelle, que é preocupante que o Partido Popular e a Xunta de Galicia reaccionen votándolle a culpa á seca e aos pirómanos, que todo o mundo sabe que o primeiro responsable do lume é quen lle prende lume, que o presidente e o concelleiro de Medio Ambiente levan tempo recordando que este ano vai ser moi malo coma consecuencia da seca e que lles preguntaría que fixo a Xunta de Galicia para evitar que este ano haxa incendios ou que medios se dedicaron, se se intuía que este ano ía ser mais grave a situación.

Di o concelleiro Iván Puentes Rivera que a Xunta de Galicia o que fixo foi recortar preto de setecentos mil euros nos equipos de prevención contra o lume, que a clave fundamental é manter en bo estado o monte e ter medios para a prevención e non só para a extinción de incendios, e evitar que estas situacións se poidan chegar a producir, que esta é a primeira característica do goberno de Feijoo, o recorte. Di que a segunda característica é a mentira, que é un xeito práctico e útil do PP de facer política, que a día de hoxe é sorprendente que aínda non se saiba o número de hectáreas queimadas, se foron as setecentas cincuenta que dixo a Xunta de Galicia, que incluso chegou a rebaixar, ou se foron as dúas mil que calculaban os veciños da Capela, que a súa sospeita é o intento da Xunta de Galicia de reducir o número de hectáreas queimadas para así reducir os cartos que se destinarán aos municipios afectados e investir menos cartos dos necesarios na recuperación das Fragas do Eume.

Salienta o concelleiro Iván Puentes Rivera o intento do presidente da Xunta de Galicia de agacharse unha vez máis, que o goberno de Fene debe saber que o presidente da Xunta de Galicia, cando visitou a zona afectada o sábado, inicialmente non quixo ir á Capela porque gobernaba o PSOE e que estaba prevista a visita a Fene, que ben podía vir a solucionar outras cousas coma a situación dos mariscadores, e que, ao final, por consello de alguén foi á Capela. De seguido dá lectura da moción, que copiada di:

“O G.M. do PSdeG-PSOE, ó abeiro do disposto na lexislación vixente, en relación co INCEDIO NO PARQUE NATURAL DAS FRAGAS DO EUME, presenta para o seu debate e votación a seguinte moción ó Pleno do Concello de Fene:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado sábado día 31 de marzo declarábase no municipio da Capela un incendio que afectaba ao paraíso natural das Fragas do Eume.

En poucas horas as lapas devoraban o Parque Natural das Fragas do Eume que conforman o bosque atlántico máis grande de Europa, no que é sen dúbida a maior traxedia medioambiental e ecolóxica das últimas décadas.

Logo de 3 anos de recortes que acadan os 22 millóns de euros para políticas destinadas á xestión e ordenación do monte e á prevención de incendios, no inverno máis seco dos últimos 50 anos, un lume de grandes dimensións arrasaba máis de 750 ha do Parque Natural, segundo os datos aportados pola Xunta de Galicia, obrigando ao Goberno a decretar o Nivel 1 e a desaloxar a máis de 200 veciños pola proximidade do lume ás vivendas e a mobilizar a UME, diante da falta de previsión e da irresponsabilidade do Goberno de Feijoo que co monte completamente abandonado e pese ás condicións de extrema seca, non tiña despregado no monte todos os recursos co fin de garantir a defensa das persoas, das súas propiedades e do territorio, cando neste ano en apenas 3 meses os incendios forestais arrasaron o 76% da superficie afectada polos lumes durante o ano 2008.

Os parques naturais, o noso patrimonio natural máis valioso non foron nestes 3 anos alleos á política de austeridade mal entendida do goberno Feijoo e as consecuencias dos recortes nos fondos dedicados á conservación, protección e posta en valor deste patrimonio natural son evidentes no incendio das Fragas do Eume como hai escasas datas o eran no Macizo Central ourensán e noutros espazos protexidos.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene insta ao Goberno Galego a:

1.ª) Diseñar e implementar de xeito urxente un Plan especial de restauración medioambiental das Fragas do Eume, en colaboración con concellos, veciñanza e organizacións conservacionistas, agrarias e forestais, coa suficiente dotación económica, que permita optimizar os recursos europeos e contribúa á recuperación e rexeneración das zonas devastadas polos lumes con criterios de sostibilidade e aproveitamento multifuncional, que incluírá, entre outras, as seguintes medidas:

a) Elaborar un informe de avaliación e valoración dos danos causados polos incendios forestais, indicando a superficie calcinada, a titularidade da propiedade e as competencias de xestión das zonas afectadas.

b) Avaliar os danos ecolóxicos e ambientais e dar a coñecer ao conxunto da cidadanía toda a información obtida para promover unha maior conciencia ambiental acerca dos impactos que causan cada ano os incendios en Galicia.

c) Levar a cabo accións urxentes e efectivas co fin de evitar a erosión e as escorrentías, priorizando aquelas zonas de mato máis danadas e con maior pendente, utilizando para elo preferentemente a palla como método máis rápido cas herbáceas.

c) Publicar de xeito urxente liñas específicas de axudas dirixidas aos propietarios afectados co fin da restauración e a rexeneración das zonas danadas polos lumes.

d) Executar as obras de restauración de infraestruturas rurais e camiños, así como de restauración de vías verdes e apoiar medidas de prevención de pragas e de retirada da biomasa forestal queimada.

e) Diseñar liñas específicas de axudas dirixidas a propietarios e titulares do monte e aos concellos, co fin de apoiar medidas de desenvolvemento rural e de mantemento das actividades agrogandeiras e forestais a través da posta en marcha de prácticas agroambientais compatibles coa conservación dos espazos naturais protexidos, tal que permita incentivar as externalidades positivas do espazo natural protexido no Parque Natural Fragas do Eume.

Fene, 3 de abril de 2012
IVÁN PUENTES RIVERA
Voceiro do G. M. do PSdeG PSOE"

Prosegue o concelleiro Iván Puentes Rivera dicindo que un dos puntos fundamentais é que se fale cos propietarios dos terreos, que o parque é nun noventa por cento propiedade privada e que os propietarios están molestos dende que se creou o parque natural, que se lles ignorou dende un primeiro momento, xa que onde tiñan unhas terras produtivas ou unhas parcelas das que podían obter uns cartos pola súa explotación forestal agora co parque natural non poden tocar as terras e non poden obter beneficios, que incluso teñen que inverter cartos en manter limpas estas parcelas. O que se pide é que o parque natural exista e se manteña, que os propietarios obteñan unha compensación, coma se fai noutros sitios de España, ben por manter as parcelas limpas ou ben por non podelas explotar e que se poida compatibilizar o uso do monte coa explotación e conservación do parque natural.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que quere propoñer unha emenda de inclusión á moción, que esta de acordo coa moción presentada, e xustifica a emenda dicindo que o seu grupo tiña unha moción similar e di que prefire emendar esta naquilo que mellora o texto presentado. A emenda copiada di:

"Manuel Polo gundín portavoz do Grupo municipal do BNG presenta, ao abeira da lexislación vixente, a seguinte Enmenda de engádega á Moción do PSdeG-PSOE relativa ao Incendio no parque natural das Fragas do Eume.

ENMENDA

2º. Demandar do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente do goberno do Estado que, á vista da singularidade e valor das Fragas do Eume, implemente fórmulas de colaboración para o proceso de recuperación da zona; sempre baixo os criterios do expresado nos apartados anteriores.

Fene, 11 de abril de 2012
Manuel Polo Gundín"

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que acepta a emenda.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria a introdución da emenda ao ditame da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de data 4 de abril de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda incorporar ás emendas ao ditame que queda redactado coma segue:

"A Corporación Municipal de Fene insta ao Goberno Galego a:

1º. Deseñar e implementar de xeito urxente un Plan especial de restauración medioambiental das Fragas do Eume, en colaboración con concellos, veciñanza e organizacións conservacionistas, agrarias e forestais, coa suficiente dotación económica, que permita optimizar os recursos europeos e contribúa á recuperación e rexeneración das zonas devastadas polos lumes con criterios de sostibilidade e aproveitamento multifuncional, que incluírá, entre outras, as seguintes medidas:

a) Elaborar un informe de avaliación e valoración dos danos causados polos incendios forestais, indicando a superficie calcinada, a titularidade da propiedade e as competencias de xestión das zonas afectadas.

b) Avaliar os danos ecolóxicos e ambientais e dar a coñecer ao conxunto da cidadanía toda a información obtida para promover unha maior conciencia ambiental acerca dos impactos que causan cada ano os incendios en Galicia.

c) Levar a cabo accións urxentes e efectivas co fin de evitar a erosión e as escorrentías, priorizando aquelas zonas de mato máis danadas e con maior pendente, utilizando para elo preferentemente a palla como método máis rápido cas herbáceas.

c) Publicar de xeito urxente liñas específicas de axudas dirixidas aos propietarios afectados co fin da restauración e a rexeneración das zonas danadas polos lumes.

d) Executar as obras de restauración de infraestruturas rurais e camiños, así como de restauración de vías verdes e apoiar medidas de prevención de pragas e de retirada da biomasa forestal queimada.

e) Deseñar liñas específicas de axudas dirixidas a propietarios e titulares do monte e aos concellos, co fin de apoiar medidas de desenvolvemento rural e de mantemento das actividades agrogandeiras e forestais a través da posta en marcha de prácticas agroambientais compatibles coa conservación dos espazos naturais protexidos, tal que permita incentivar as externalidades positivas do espazo natural protexido no Parque Natural Fragas do Eume.

2º. Demandar do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente do goberno do Estado que, á vista da singularidade e valor das Fragas do Eume, implemente fórmulas de colaboración para o proceso de recuperación da zona; sempre baixo os criterios do expresado nos apartados anteriores."

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo ve con moita preocupación que o Partido Popular antepoña o déficit cero e

a contención do déficit a que a xente poida vivir, a prevención dos incendios forestais ou as propias medidas de extinción, que o que pasou é que non existe un plan e que non se deixa utilizar eses recursos coma medio de vida aos propietarios das Fragas, que son, nunha porcentaxe moi alta, propietarios privados, que se o que se quere é ter un parque para turismo puro e duro, que se esa é a idea do Partido Popular, lles debería pagar aos propietarios por ter os montes limpos. Di que o seu grupo é partidario de que se poidan traballar as castañas, os fungos, a madeira e outro tipo de elementos e que, en todo caso, iso debe ter un plan e un financiamento e non o teñen. Que o seu grupo non comparte que un desastre coma este se converta nunha telenovela por capítulos nos xornais, que se existen responsabilidades pide que se depuren e que isto se faga dentro dos organismos da Consellería correspondente. Di que coinciden plenamente coa idea da moción, que hai que estar todos a unha e que non se pode facer demagogia, que si se reducen os cartos en prevención haberá problemas. Continúa dicindo que o incendio apagouse afortunadamente porque empeorou o tempo e porque os axentes dos concellos e da Consellería traballaron axeitadamente, que si se esperase pola UME aínda se estaría esperando, que na Capela houbo xente que pensou que lle ardían as casas, que hai que recoñecer os erros e asumir que se fixeron recortes que están afectando ao servizo, di que faltan recursos e que vai haber máis problemas.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que está de acordo coa moción e coa emenda, que lle gustaría saber cal é a cantidade real de hectáreas que arderon, que está mais de acordo co manifestado polos veciños de que foron unhas dúas mil hectáreas e non as que declara a Xunta de Galicia, que lle sorprende que se realmente a culpa de que ardan os montes a leva a seca, pregunta como é que neste segundo ano de seca non se ten feito unha mellor prevención para que isto non ocorra. Di que por iso pensa que o informe de datos que solicita a moción debe estar feito cos datos reais e estar a disposición dos Concellos afectados e por tanto a disposición dos veciños, para que se poida comprobar que a valoración que fai a Xunta de Galicia é certa, que lle gustaría que os recortes se fixeran onde hai que facelos, que hai moito por recortar comezando por arriba cos salarios dos políticos e outros privilexios que non son obxecto deste debate. Di que vai apoiar a moción e a emenda.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, roga para que non se fale de tanta artimaña política nin de recortes cando no ano dous mil cinco arderon sete mil hectáreas de monte cando non gobernaba nin o Partido Popular nin o señor Núñez Feijoo, que non pensa que o presidente Núñez Feijoo teña ningún problema en falar cos representantes doutros partidos e menos cos alcaldes dos concellos afectados por esta desgraza, que todos lamentan enormemente o sucedido, con independencia da ideoloxía de cada quen, que ninguén pode estar contento co que pasou nas Fragas do Eume. Di que quere lembrar as declaracións de Valentín Formoso, alcalde das Pontes, que lle deu as grazas a Conselleira de Medio Rural porque se preocupou ata o imaxinable pola xente e para que os medios para apagar o incendio estiveran coordinados. Di que o Partido Popular de Fene se vai abster na votación desta moción, non por non estar de acordo coas medidas que se pretenden adoptar na proposta de resolución, deixando a un lado a exposición de motivos que é demagóxica, senón porque as medidas propostas son as que xa está adoptando o goberno deste país, que esta semana o ministro Arias Cañete, pese a ser unha competencia exclusiva das comunidades autónomas, comprometeuse a colaborar no plan de recuperación das Fragas do Eume.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que é certo que as declaracións do alcalde das Pontes saíron publicadas na prensa e no medio de comunicación Intereconomía, pero que el persoalmente o escoitou falar co presidente da Xunta de Galicia na Capela e di que non foi iso precisamente o que lle dixo. Di que o concello máis afectado foi a Capela, que practicamente non lle quedou nada do parque natural e que se lle pode preguntar onde foi citado inicialmente, si en Fene ou na Capela. Respecto das manifestacións da voceira do PP en relación cos incendios do ano 2005, di que ese ano ardeu moito monte en Galicia e nunca se chegaron a saber as causas daquel incendio, que el dixo antes que o primeiro culpable de que arda o monte é quen lle prende lume, que é o pirómano, que ningún goberno pode estar libre de que non haxa incendios, que a cuestión é a resposta dos gobernos, que no ano 2005 o presidente Núñez Feijoo estaba na oposición e daquela manifestou que cando gobernaba o Partido Popular non había mortos en Galicia e que desgraciadamente este ano morreu un brigadista loitando contra o lume en Galicia, que o que importa é a reacción, que o goberno anterior aumentou as partidas dedicadas a extinción do lume e creou as brigadas de voluntarios, a través da Consellería de Medio Rural, que vixiaron o monte galego e que estas medidas foron suprimidas o primeiro día de goberno do Partido Popular na Xunta de Galicia, que este ano se recortaron preto de setecentos mil euros en equipos de prevención e extinción en Galicia, no ano de máis seca nos últimos cincuenta anos.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame emendado da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de data 4 de abril de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

A Corporación Municipal de Fene insta ao Goberno Galego a:

1º. Deseñar e implementar de xeito urxente un Plan especial de restauración medioambiental das Fragas do Eume, en colaboración con concellos, veciñanza e organizacións conservacionistas, agrarias e forestais, coa suficiente dotación económica, que permita optimizar os recursos europeos e contribúa á recuperación e rexeneración das zonas devastadas polos lumes con criterios de sostibilidade e aproveitamento multifuncional, que incluírá, entre outras, as seguintes medidas:

a) Elaborar un informe de avaliación e valoración dos danos causados polos incendios forestais, indicando a superficie calcinada, a titularidade da propiedade e as competencias de xestión das zonas afectadas.

b) Avaliar os danos ecolóxicos e ambientais e dar a coñecer ao conxunto da cidadanía toda a información obtida para promover unha maior conciencia ambiental acerca dos impactos que causan cada ano os incendios en Galicia.

c) Levar a cabo accións urxentes e efectivas co fin de evitar a erosión e as escorrentías, priorizando aquelas zonas de mato máis danadas e con maior pendente, utilizando para elo preferentemente a palla como método máis rápido cas herbáceas.

c) Publicar de xeito urxente liñas específicas de axudas dirixidas aos propietarios afectados co fin da restauración e a rexeneración das zonas danadas polos lumes.

d) Executar as obras de restauración de infraestruturas rurais e camiños, así como de restauración de vías verdes e apoiar medidas de prevención de pragas e de retirada da biomasa forestal queimada.

e) Deseñar liñas específicas de axudas dirixidas a propietarios e titulares do monte e aos concellos, co fin de apoiar medidas de desenvolvemento rural e de mantemento das actividades agrogandeiras e forestais a través da posta en marcha de prácticas agroambientais compatibles coa conservación dos espazos naturais protexidos, tal que permita incentivar as externalidades positivas do espazo natural protexido no Parque Natural Fragas do Eume.

2º. Demandar do Ministerio de Agricultura, Alimentación y Medio Ambiente do goberno do Estado que, á vista da singularidade e valor das Fragas do Eume, implemente fórmulas de colaboración para o proceso de recuperación da zona; sempre baixo os criterios do expresado nos apartados anteriores.

4. Aprobación, se procede, do acordo relativo ós impagos da Consellería de pesca da Xunta de Galicia aos mariscadores/as da confraría de Barallobre (ditame a instancia do grupo municipal do PSOE).

A continuación intervéñ o alcalde que di que se trata dunha moción que está ditaminada favorablemente en comisión.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que esta moción xurde de dúas cuestións, da situación extrema dun dos colectivos fundamentais de Fene coma son os mariscadores e mariscadoras da Confraría de Barallobre e coma consecuencia da xuntanza mantida con eles. Di que considera que ademais do traballo que se pode facer no Parlamento de Galicia, onde o seu grupo parlamentario xa deu conta deste asunto na Comisión de Pesca e lle preguntou por escrito en varias ocasións ao goberno galego para que este conteste que pensa facer cos pagamentos pendentes que hai con este colectivo, tamén pensa que o Pleno de Fene se tiña que manifestar ao respecto, que ao Partido Socialista isto lle preocupa, que quere manifestarse a favor deste colectivo e en contra do que está a facer o Partido Popular e a Xunta de Galicia neste tema. Di que non se está a falar de ningún privilexio, que hai moitas familias que viven única e exclusivamente da extracción marisqueira, que dende hai tempo se sabe que a extracción foi a menos e que os prezos tamén, que se chegou a unha situación na que a ría estaba tan contaminada que o marisco que se produce na ría de Ferrol non é apto inicialmente para o consumo humano en determinadas zonas, que o problema xurde porque a ría está contaminada e está contaminada porque a Xunta de Galicia se saltou tódalas directivas europeas que obrigaban a depurar os vertidos que se votan directamente ás rías incumprindo tódolos prazos posibles. Dende o ano 1991 o Partido Popular prometeu nos seus programas electorais a depuración integral da ría de Ferrol e nunca o fixo, que hai tres ou catro anos se chegou á situación actual, empeorada pola construción do porto exterior e por outras agresión feitas neste tempo. Di que o anterior goberno da Xunta de Galicia aprobou un proxecto para a depuración da banda sur da ría de Ferrol, que o Concello de Fene, xunto co de Ares e Mugardos, puxeron moitos cartos, no caso de Fene medio millón de euros, para construír o colector que permitise esta actuación, que o proxecto se foi executando e que coa chegada do Partido Popular á Xunta de Galicia se decidiu que non había cartos dabondo o que provocou que o inicio da depuradora que tiña que comezar a funcionar no ano 2011, pasase ao ano 2013 e que agora se este a falar do ano 2015, que si se visita a obra se ve que queda moito por facer e que as obras van moi lentas, que a isto se pode sumar o que pasa pola banda norte da ría, que o colector feito hai anos por esteiro aínda non está a traballar, que falla por rematar o emisario, que é competencia do goberno de España, que está un pouco máis avanzada que a banda sur, pero aínda non está a funcionar.

Di o concelleiro Iván Puentes Rivera que a ría é vítima dos recortes, dos incumprimentos nos prazos por parte da Administración e que é a xente do mar a que padece finalmente o problema porque se lle prohíbe traballar e vivir do que sempre viviu. Di que o goberno galego adoptou unha medida de compensación que son os salarios ou axudas por traballos na ría e dende que a actual conselleira de Pesca ten esta responsabilidade o raro é que se cobre ao día, que a norma é que a Xunta de Galicia está pagando tarde e mal, que para cobrar os mariscadores teñen que manifestarse ou encerrarse, di que os atrasos son constantes e que non é un problema administrativo que o que hai é unha falla de sensibilidade e de rigor por parte de quen ten a responsabilidade de pagar que é a Xunta de Galicia. Di que o alcalde de Fene manifestou nos xornais que xa fixera todo o que tiña que facer e que a Xunta de Galicia xa dixo o que ía facer, que era pagar, que o Partido Popular se está a queixar de que os traballadores do mar non se fiaran da palabra da conselleira ao que el lle responde que non lle estraña xa que leva mentindo sistematicamente. O concelleiro Iván Puentes Rivera dille á conselleira Rocío Aurora Bertoa Puente que a referencia á procesión o dixo por que a conselleira asistiu ás procesións de semana santa en Ferrol, que tamén a viu no Concello da Capela cando os incendios das Fragas do Eume onde se lle preguntou por este tema e que respondeu que xa dixeran o que tiña que dicir o que leva a pensar que non hai vontade por parte da Xunta de Galicia nin da conselleira de resolver o problema, que as súas manifestacións van no sentido de sacarse o problema de enriba. Os traballadores do mar nin sequera piden que se lles pague, que piden que se lles facilite un escrito de compromiso de pago, que o lóxico é que se levan sen cobrar, uns dende outubro e outros dende novembro, é que se lles pague xa, polo que se non se fai o pagamento nin se lles facilita o compromiso de pagamento o único que se pode facer é pedir a dimisión da conselleira de Pesca. Di o concelleiro Iván Puentes Rivera que o Partido Popular de Fene, por riba das consignas de partido, ten a obriga de defender aos traballadores e veciños de Fene e a continuación pasa a dar lectura da moción que copiada di:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A extracción de marisco da ría de Ferrol segue a ser a día de hoxe, pese aos moitos ataques recibidos e á pouca sensibilidade da admistración coa nosa ría, unha das actividades económicas fundamentais de Ferrolterra e nomeadamente do Concello de Fene.

O traballo dos centos de familias que viven desta actividade veuse mermado pouco a pouco non pola súa culpa, senón pola negligencia dunha administración autonómica, a Xunta de Galicia, que incumplindo toda a normativa europea ao respecto non foi quen de completar a tempo o necesario saneamento da Ría de Ferrol.

Desde o ano 1.991 os sucesivos gobernos de Manuel Fraga e os sucesivos programas electorais do Partido Popular prometeron a construción do colector e da E.D.A.R. da banda Sur da Ría de Ferrol, pero sempre quedaron niso, en meras promesas que nunca se facían realidade. Foi, por fin, co goberno bipartito da Xunta de Galicia, con Emilio Pérez Touriño como Presidente e Pachi Vázquez como Conselleiro de Medio Ambiente, cando se deseñou, aprobou e iniciou a construción desta infraestrutura vital para o futuro da nosa xente do mar e do noso concello.

Desgraciadamente, a infraestrutura non chegou a tempo. A ría leva anos convertida nunha verdadeira cloaca, a meirande parte do marisco non é apto para o consumo e as traballadoras e traballadores do mar vense privados da súa fonte de ingresos e da posibilidade de traballar. Así as cousas, a Consellería de Pesca do anterior Goberno Galego, facéndose cargo de que a culpa de ter a ría pechada para extracción marisqueira non era dos traballadores/as, senón da propia Xunta, aprobou o sistema de retribucións aos mariscadores/as polos traballos de reparqueo de ameixa, limpeza da ría... que levan desde aquela servindo de compensación pola imposibilidade de que o traballadores/as podan gañar un salario derivado do seu traballo, a extracción de marisco da Ría de Ferrol.

A chegada do PP á Xunta de Galicia supuxo, como en tantos outros campos, a chegada dos recortes, recortes sufridos polos que menos teñen. Os retrasos nos pagos da Consellería de Pesca aos mariscadores/as da nosa confraría son unha triste constante desde que o PP goberna de novo Galicia, pero a situación chegou xa a un punto límite.

A día de hoxe a Xunta de Galicia adebedalle aos traballadores de a pé todos os pagos desde o mes de novembro e aos que faenan a flote todos os pagos desde o mes de outubro. Algo intolerable se temos en contas que son moitas as familias que dependen deste salario para vivir mes a mes.

Esta situación límite tivo tamén unha resposta límite por parte dos mariscadores/as, pechase indefinidamente na Casa do Concello de Fene ata que a Consellería de Pesca concrete a data na que os traballadores/as perciban as cantidades adebedadas pola Xunta de Galicia.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE do Concello de Fene presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de Fene acorda:

1. Amosar a súa solidariedade cos mariscadores/as da Confraría de Barallobre pechados na Casa do Concello de Fene e o apoio a todas as súas demandas.
2. Esixir que a Xunta de Galicia pague de xeito inmediato as cantidades adebedadas a todos os traballadores/as do mar da Confraría de Barallobre.
3. Reclamar á Xunta de Galicia que nos vindeiros orzamentos da Comunidade Autónoma se consignen os cartos precisos para adiantar a finalización dos prazos de construción da EDAR da banda Sur da Ría de Ferrol e a súa urxente posta en marcha. Evitando en todo caso, un novo retraso por parte do Goberno do Partido Popular.
4. Reclamar do Goberno de España a inmediata posta en marcha da EDAR e do colector Norte da Ría de Ferrol, que xunto co SUR permitirá facer realidade a depuración integral da Ría.
5. Esixir ao Goberno de España que retire os restos da Ponte das Pías, depositados no fondo da ría desde o accidente do Discoverer Enterprise.
6. Esixirlle a Portos de Galicia que cumpra os compromisos pendentes coa Confraría de Barallobre, fundamentalmente a rexeneración con aporte de area no peirao de Barallobre e o derrube da antiga nave de Fondomar e do peche perimetral desta parcela, que debe ser gañanada para o uso público.

7. Dragar as lombas de area o lodo que quedaron logo de pilotar os soportes dos novos pantaláns e que xa teñen provocado diversos accidentes en embarcacións de membros da Confraría de Barallobre.

8. Dar traslado do presente acordo á Conselleira de Pesca e a todos os grupos representados no Parlamento de Galicia, así como á Ministra de Fomento do Goberno de España.”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que queren presentar unha emenda que engada o seguinte texto:

“9. Que o concello de Fene aplique o Artigo 1 apartado 3.b) da Ordenanza Reguladora de Subvencións do Concello de Fene ao colectivo de mariscadores e mariscadoras afectado polo impago dos compromisos adquiridos pola Consellería do Medio Rural e do Mar da Xunta de Galicia, cunha convocatoria específica e urxente co obxectivo de paliar aquelas situacións económicas xeradas polos incumprimentos da administración autonómica.”

Prosegue a dicir o concelleiro Manuel Polo Gundín que con isto se pretende que o Concello habilite unha partida de emerxencia social para os mariscadores e mariscadoras en tanto a Consellería proceda aos pagamentos, xa que dubida de que a Consellería faga os pagamentos na súa totalidade.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que a ordenanza fiscal contempla esta solución e que ao seu grupo lle parece moi oportuno, que hai situacións familiares moi complicadas e o lóxico é que o Concello lles axude na medida das súas posibilidades, que non é pagar o que a Xunta lles debe se non que é axudarlles a pasar a situación ata que se normalicen os pagamentos.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que se trata dunha ordenanza xeral que non se pode aplicar a un colectivo específico, que esta situación se podería paliar mediante as axudas de emerxencia social, ben para alimentos, roupa ou o pagamento dun aluguer ou dos subministrados básicos que se poden tramitar dende Servizos Sociais e que poderían ter unha tramitación preferente. Di que este é o motivo de que esta emenda non teña sentido ningún e non sería xuridicamente válida, que esta situación xa se prevé noutro tipo de ordenanza e di que estarían cubertas estas necesidades igual que calquera outro veciño ou veciña de Fene.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que a emenda se basea no texto da ordenanza, que ao seu grupo lle dá igual que se proceda mediante esta ou outra ordenanza pero o que se pretende é que o Concello se dirixa ao colectivo porque se sabe que dentro deste hai xente que ten problemas moi graves.

A concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente manifesta que a ordenanza é anterior á aprobación das axudas de emerxencia social aprobadas no ano 2007. Di que a axuda que pide o voceiro do BNG xa existe e dende aquí lle di a tódalas persoas que se atopan nesta situación de emerxencia social que acudan aos servizos sociais, que van ter un trato preferente, polo que conclúe dicindo que introducir esta emenda na moción non ten sentido ningún.

O concelleiro Manuel Polo Gundín manifesta que esta regulación que a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente di non figura no listado de ordenanzas publicadas do Concello de Fene, que se trata dunha cuestión técnica e que a cuestión práctica é que se poida resolver esta situación e que dende este Pleno se dirixan a este colectivo para que aquelas persoas que realmente o están pasando mal se lle arranxe o problema, que a ordenanza xeral de subvencións presenta esta posibilidade, que se existe outra solución, pois pide que se introduza na moción ese outro aspecto.

O concelleiro Iván Puentes Rivera intervén para preguntar se a ordenanza que se fixo referencia está en vigor. O alcalde responde que a ordenanza esixe unha serie de requisitos coma a realización dun plan especial e que xa existe a posibilidade de axudar a este colectivo sen o ter que acudir a esta vía.

O concelleiro Manuel Polo Gundín manifesta que se o problema é a redacción propón quitar a referencia á normativa, quedando coma segue: “Que se admitan as axudas de emerxencia social para o colectivo dos mariscadores”.

A concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente reitera que existen esas axudas, que os Servizos Sociais están a disposición de todos, que se trata dun servizo que funciona moi ben e que poden tramitar estas axudas de emerxencia social.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria a introdución da emenda ao ditame da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servizos e Medio Ambiente de data 4 de abril de 2012, que se aproba por unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda incorporar á emenda ao ditame que queda redactado coma segue:

“1. Amosar a súa solidariedade cos mariscadores/as da Confraría de Barallobre pechados na Casa do Concello de Fene e o apoio a todas as súas demandas.

2. Esixir que a Xunta de Galicia pague de xeito inmediato as cantidades adebedadas a todos os traballadores/as do mar da Confraría de Barallobre.

3. Reclamar á Xunta de Galicia que nos vindeiros orzamentos da Comunidade Autónoma se consignen os cartos precisos para adiantar a finalización dos prazos de construción da EDAR da banda Sur da Ría de Ferrol e a súa urxente posta en marcha. Evitando en todo caso, un novo retraso por parte do Goberno do Partido Popular.

4. Reclamar do Goberno de España a inmediata posta en marcha da EDAR e do colector Norte da Ría de Ferrol, que xunto co SUR permitirá facer realidade a depuración integral da Ría.

5. Esixir ao Goberno de España que retire os restos da Ponte das Pías, depositados no fondo da ría desde o accidente do Discoverer Enterprise.

6. Esixirle a Portos de Galicia que cumpra os compromisos pendentes coa Confraría de Barallobre, fundamentalmente a rexeneración con aporte de area no peirao de Barallobre e o derrube da antiga nave de Fondomar e do peche perimetral desta parcela, que debe ser gañanada para o uso público.

7. Dragar as lombas de area o lodo que quedaron logo de pilotar os soportes dos novos pantaláns e que xa teñen provocado diversos accidentes en embarcacións de membros da Confraría de Barallobre.

8. Que se admitan as axudas de emerxencia social para o colectivo dos mariscadores.

9. Dar traslado do presente acordo á Conselleira de Pesca e a todos os grupos representados no Parlamento de Galicia, así como á Ministra de Fomento do Goberno de España.”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta en relación coa moción no seu conxunto que este non é un colectivo de exclusión social, que se trata dun colectivo que estaba traballando e que a consellería é a que está incumprindo os acordos que ten asinados cos mariscadores, que por iso defende que o Concello teña que servir de colchón para aguantar desta situación de incumprimento, que as administracións se deben preocupar pola xente e que dende o BNG sempre se preocuparon dos sectores produtivos por ser sectores fundamentais. Di que o seu grupo fixo un esforzo moi grande respecto da EDAR e que o colectivo de mariscadores o sabe, que o goberno da Xunta de Galicia anuncia nos xornais de hoxe que impulsará o saneamento da ría e que iso é así por medidas coma o encerro dos mariscadores no Concello de Fene, que o saneamento é o problema fundamental para que o colectivo do mar poida vivir do seu traballo e non teñan que estar recorrendo ás axudas das Administracións, que hai un problema de cartos pero di que os causantes deste problema non son os traballadores se non que é a Xunta de Galicia que non foi quen de facer o que tiña que facer e a Consellería que improvisou, que a única preocupación que ten o señor Feijoo é a conselleira é quedar ben con Madrid e con Bruselas e non cos traballadores do mar. Di que dende o BNG non toleran e non lles parece, dende ningún punto de vista razoable, que se manteña esta situación, que non se lles faga caso ningún aos mariscadores e que se lles dea este trato que cualifica coma denigrante, di que, neste senso, só poden actuar nas administracións nas que teñen representación por entender que é de xustiza. Que o contido da moción é razoable e xusto, que moitos aspectos da moción xa se ten debatido noutras mocións neste Concello e que entende que se debe reiterar, dende este Pleno, que toda a Corporación apoia a este colectivo por ser persoas que queren vivir do seu traballo.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que quere facer unha emenda á moción segundo o dito na Comisión Informativa, xa que se trata dun caso de administración contra administración, que o colectivo de mariscadores non cobra o que lle debe a administración pero si está a pagar as cotas da Seguridade Social ou os ingresos a Facenda por cantidades non cobradas, polo que propón esixir á Xunta de Galicia que mentres non lles pagan os salarios que lles deben lles paralicen o pagamento das cotas á Facenda e que o propio Concello, respecto dos impostos municipais como a recollida de lixo, o imposto de vehículos e demais se lles manteña en suspenso ata que teñan a súa situación familiar saneada.

O alcalde intervén para dicir que a emenda xa está ditaminada e aceptada e di "Esixir á Administración a negociación para proceder á paralización dos pagamentos das cotas á Seguridade Social e a Facenda correspondentes ás cantidades que a propia Administración lles adebeda."

A concelleira María Carmen Martínez Rodríguez di que propón engadir a parte dos impostos municipais.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que admiten a emenda.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria a introdución da emenda ao ditame da Comisión Informativa de Persoal, Seguridade, Servicios e Medio Ambiente de data 4 de abril de 2012, que se aproba por unanimidade dos concelleiros presentes.

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda incorporar á emenda ao ditame que queda redactado coma segue:

"1. Amosar a súa solidariedade cos mariscadores/as da Confraría de Barallobre pechados na Casa do Concello de Fene e o apoio a todas as súas demandas.

2. Esixir que a Xunta de Galicia pague de xeito inmediato as cantidades adebedadas a todos os traballadores/as do mar da Confraría de Barallobre.

3. Reclamar á Xunta de Galicia que nos vindeiros orzamentos da Comunidade Autónoma se consignen os cartos precisos para adiantar a finalización dos prazos de construción da EDAR da banda Sur da Ría de Ferrol e a súa urxente posta en marcha. Evitando en todo caso, un novo retraso por parte do Goberno do Partido Popular.

4. Reclamar do Goberno de España a inmediata posta en marcha da EDAR e do colector Norte da Ría de Ferrol, que xunto co SUR permitirá facer realidade a depuración integral da Ría.

5. Esixir ao Goberno de España que retire os restos da Ponte das Pías, depositados no fondo da ría desde o accidente do Discoverer Enterprise.

6. Esixirlle a Portos de Galicia que cumpra os compromisos pendentes coa Confraría de Barallobre, fundamentalmente a rexeneración con aporte de area no peirao de Barallobre e o derrube da antiga nave de Fondomar e do peche perimetral desta parcela, que debe ser gañanada para o uso público.

7. Dragar as lombas de area o lodo que quedaron logo de pilotar os soportes dos novos pantaláns e que xa teñen provocado diversos accidentes en embarcacións de membros da Confraría de Barallobre.

8. Que se admitan as axudas de emerxencia social para o colectivo dos mariscadores.

9. Esixir á Administración a negociación para proceder á paralización dos pagamentos das cotas á Seguridade Social e a Facenda correspondentes ás cantidades que a propia Administración lles adebeda, así coma a paralización dos pagamentos dos impostos municipais.

10. Dar traslado do presente acordo á Conselleira de Pesca e a todos os grupos representados no Parlamento de Galicia, así como á Ministra de Fomento do Goberno de España."

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta respecto da moción que quere destacar que tivo coñecemento do encerro dos mariscadores no Concello a través dos xornais, que entende que como pouco se lles debía comunicar aos voceiros dos grupos municipais o que está acontecendo no Concello. Di que lle parece vergonzoso que se diga que este colectivo ten que acudir aos Servizos Sociais xa que quen lles debe os cartos é a administración e pregunta, ¿porque teñen que recorrer, eles mesmos, a pedirlle á administración que lles dean alimentos, roupa ou calzado?. Prosegue a rogar que nos vindeiros orzamentos se destinen máis cartos para axudas, xa que de aquí en adiante, con tantos recortes, non van ser só os mariscadores os que as necesiten se non que van ser tódalas persoas. Di que a Conselleira de Pesca estivo estes días ata tres veces pola zona e non se achegou ningunha ao concello para falar cos mariscadores e di que coincide co dito de que está a mentir respecto do compromiso de pagamento solicitado. Di que lle gustaría que a moción prosperase, que entende que o grupo de goberno tería que ser o primeiro en estar estes últimos quince días cos mariscadores, que se hai que levar aos mariscadores a falar coa Conselleira ben se podía ter alugado un autobús e acompañalos, que non se poden facer as xestións por teléfono e demándalle ao grupo de goberno que encabece as medidas de protesta, que primeiro son os intereses dos veciños e logo as siglas do partido. Conclúe dicindo que vai votar a favor da moción.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que este grupo de goberno se caracteriza por escoitar aos veciños, que non teñen que xustificar nada, dille ao voceiro do PSOE que isto é un Concello e non o Parlamento de Galicia ou do Estado, que aquí non se ven a facer política, que isto só se fai en época electoral, que as alusións de que o alcalde non falou coa Conselleira de Pesca o di vostede, segundo o que leu nos xornais, que vostede non fixo nada e que por iso está na oposición e perdeu o goberno. Di que o seu grupo cando estaba na oposición, tanto cando gobernaba o Partido Socialista e o BNG ou gobernaba o PP na Xunta de Galicia, apoiou todas e cada unha das mocións respecto deste tema, que aos membros do grupo de goberno xamais lles tremeu a man para votar en contra do partido que gobernase, sendo da súa ideoloxía ou doutra, que eles veñen aquí a traballar, que veñen tódolos días e non poden estar aquí sentados no Pleno porque veñen a traballar, que moitos dos concelleiros que hoxe están aquí sentados teñen outro traballo fóra do Concello e non hai ningún veciño que poida dicir que non se lles escoita. Que dende o primeiro día se falou con moitos dos mariscadores que aquí están encerrados e se lles manifestou que a postura do grupo de goberno era que a Consellería debe e ten que pagar, que o que veña no futuro xa se falará e que isto así se lle manifestou á Conselleira.

Prosegue a dicir a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente que chama a atención que o voceiro do PSOE diga na moción que o goberno de España ten que quitar os restos do fondo da ría, que o PSOE gobernou durante oito anos España e non se lle recordou esta actuación, que nestes orzamentos o Partido Popular prevé, por desgraza, unha partida moi pequena para a ría, cousa que non fixo o señor Zapatero que non lle dedicou nin un euro. Di que lle parece moi triste que aquí teñan que estar os dezasete concelleiros do pobo de Fene debatendo tonterías e chorradas dun goberno que é o do país, pero ao que nin ao concelleiro Iván Puentes Rivera nin a ela mesma os van escoitar, xa que só os escoitan nas eleccións, que o que hai que manifestar é que todos están de acordo e roga para que non se poña en dúbida a actuación deste alcalde, que di que xa estivo o luns falando coa Conselleira e que fai todo o posible e máis para solucionar este problema, que o que non fai é saír nos xornais tódolos días, se non traballar. Que dende o goberno de Fene o único que poden dicir é que o saneamento da ría é unha das preocupacións deste goberno e que todo o que sexa bo para esta ría e estes traballadores é bo para todos, que se os traballadores seguen tendo traballo van gañar todos, xa que un sector que funcione vai facer funcionar o resto. Di que, coma xa manifestou o goberno local, os cartos que se lles deben aos mariscadores os hai que pagar xa e conclúe dicindo que isto non é o Parlamento para debater sobre colectores, depuradoras ou se isto ou aquilo o fixo o PP ou o fixo o PSOE.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que el ten claro que isto non é o Parlamento, que o que pasa é que estes veciños están en Fene, que eles son os concelleiros do Concello de Fene, que representan e defenden aos veciños de Fene, que os seus compañeiros do Partido Socialista no Parlamento de Galicia, na Comisión de Pesca da semana pasada xa propuxeron e xa falaron deste tema, así coma no Pleno que obrigarán á conselleira ou ao presidente da Xunta de Galicia a falar deste tema e que os deputados do PP desta comarca non sabe que é o que fan pero que os deputados do PSOE están traballando. Prosegue a responderlle á concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente que el ven aquí a facer política, que facer política é escoitar aos veciños, é pagarlles o que lles deben e facer política é que esta xente poida traballar e ter a ría limpa para que poidan seguir vivindo coma viviron toda a vida, que política tamén

a fai o grupo de goberno cando gobernan e di que el non ten ningún complexo en facela, defendendo o que lle parece coherente. Dille á concelleira que non se pode confundir a política con facer seguidismo ou facer campaña electoral, que iso é algo que o seu grupo non fai, que non pode dicir que neste Pleno non lle treme a man para votar cando acaba de non votar a favor de dúas mocións sobre as Fragas do Eume e sobre a seca porque vai en contra do que o seu partido e presidente deciden e que neste mesmo Pleno, o mes pasado, tampouco votaron a favor de aprobar a reforma laboral que aprobou o seu goberno, en cambio cando gobernaba o Partido Socialista votaban a favor de todo tipo de moción, non da reforma laboral que estiveron en contra da folga, pero en toda cuestión que se formulaba neste Pleno e que afectaba ao goberno de España votaron sempre en contra dende que está o seu partido e que eles si poden dicir que votaron sistematicamente en contra do goberno Socialista cando gobernaba España moitas veces, porque defendían os intereses de Fene, que están por riba dos intereses do seu partido, que por iso el é concelleiro deste Pleno para defender os intereses de Fene. Respecto dos cascotes das Pías, lémbrralle a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente que cando caeu a ponte gobernaba o Partido Popular e non o Socialista, que dende o ano 98 en que gobernaba o PP ata o 2004 ben puido retirar os cascotes da ría e non o fixo, que dende o 2004 ao 2008 gobernou o Partido Socialista e tampouco o fixo, pero el cando foi alcalde votou todas e cada unha das veces a favor de que o goberno de España retirara eses cascotes e non lle tremeu a man, coma lle tremeu ao actual goberno. Que tiña claro que tiña que defender os intereses dos veciños e veciñas, que non sabe porque lles molesta que se inclúa este punto na moción, que se non se fixo o hai que facer gobernase quen gobernase, que tampouco tolera que se diga que o goberno do PSOE en Fene non fixo nada polo colectivo de mariscadores en Fene, di que tiveron moitos erros, seguro, que o recoñeceu e o recoñece, pero o goberno do PSOE en coalición daquela co BNG e con el coma alcalde aprobou cinco centos mil euros para construír o colector da banda sur da ría de Ferrol, pactou coa Xunta de Galicia e cos Concellos de Ares e Mugardos a construción dese colector, e os concelleiros pactaron cos veciños as cesións de terreos e se hoxe se está a facer esa obra é porque o goberno que tiña antes Fene traballou coa Xunta de Galicia que estaba gobernada polo PSOE. Prosegue a dicir o concelleiro Iván Puentes Rivera que espera que o actual grupo de goberno tamén fagan cousas, que na súa intervención dixo que o actual goberno e alcalde de Fene o que teñen que facer é defender aos veciños e veciñas de Fene, que igual se o alcalde saíra nos xornais premendo á Xunta de Galicia mellor lles iría e antes se farían os pagamentos, que non é o mesmo facer unha chamada de teléfono que premer nos xornais. Respecto do dito de que no Pleno se fala de chorradas e tonterías di que a el non lle parece tal que a xente de Fene non cobre.

A continuación fai uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente para dicirlle que non poña na súa boca cousas que ela non dixo.

Prosegue o concelleiro Iván Puentes Rivera dicindo que a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente rematou a súa intervención dicindo que xa bastaba de traer chorradas e tonterías a este Pleno, que se quere retractarse que o faga, que en todo caso para el isto non é unha chorrada, que se están neste Pleno é para debater esta e outras cousas que afectan moito á supervivencia e ao día a día de moitos dos seus veciños.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que agás dous puntos da orde do día deste Pleno, seis puntos son mocións políticas, que non sabe cal é o problema de que os grupos políticos falen de política, que no caso concreto deste punto é moi claro en dúas cuestións que para o seu grupo son fundamentais, un, solidariedade con este colectivo, cos traballadores dos mar e cos mariscadores e mariscadoras e coa confraría de Barallobre que levan aquí días pechados, e dous, para esixirlle á Xunta de Galicia que pague. Que o seu grupo a esta proposta din que para os casos de emerxencia, de situacións límite nos que algúns dos seus membros teñen única e exclusivamente este medio de subsistencia na súa familia que se lle habiliten axudas, xa que dubidan que se fagan estes pagamentos e isto pode ser un problema, que logo de centrar o debate pregunta se hai alguén neste Pleno que estea en contra disto e que se é así que o diga, que todo o demais xa foi debatido en diversas ocasións e en diversos Plenos con diversos incumprimentos, xa que só hai que ver coma está a ría, que a cuestión fundamental é o apoio unánime ao colectivo e rogarlle, coincidindo co dito polo voceiro do PSOE, ao alcalde para que estea ao fronte premendo á concelleira, xa que o dito pola voceira do PP é un erro, xa que os concelleiros son de quita e pon, que non a elixiu o pobo galego se non que a elixiu o presidente de Galicia elixido polo pobo galego, e se o presidente non sabe que a concelleira é unha incompetente hai que dicirllo, e esta, tanto no caso das Fragas coma neste asunto, presenta moitos problemas e meteu, que eles queren que cobren en tres semanas coma dixo, e queren que cobren todo o que se lles debe pero pensan que se antepón o déficit cero e que as contas dean a que a xente viva.

De seguido intervén o alcalde que di que quere lembrar que este luns estivo en Santiago de Compostela coa conselleira, que non lles dixo nada aos mariscadores porque nada ten, que non é que non fora e di que volverá tódalas veces que teña que ir para falar con ela.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que se dixo no debate que o PP aprobou sempre todas as mocións que se presentaron aquí e que van en favor da ría ao que di que ela, dende que está aquí, todas as mocións que se presentaron que tiñan como favorecer á clase obreira votaron que non, coma a reforma laboral, as dúas que se votaron hoxe e que van contra do PP.

De seguido intervén o alcalde para pedir que centre o debate na moción que se discute.

A concelleira María Carmen Martínez Rodríguez segue a dicir que quere contestar por alusións e di que dende que ela está aquí todas as mocións presentadas polos grupos de esquerdas que tiñan como resultado favorecer á clase traballadora foron votadas en contra ou con abstencións polo PP, respecto do dito de que moitos dos concelleiros que están hoxe aquí teñen outro traballo di que é unha sorte, xa que moitos dos que hoxe están aquí viven do que lles debe a Xunta de Galicia e non teñen outro traballo.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Punte, quen unha vez concedido, manifesta que quedou claro cal é o compromiso do goberno Popular de Fene, dille á concelleira María Carmen Martínez Rodríguez que descoñece a votación de todas as mocións xa que só leva esta lexislatura como concelleira, que o actual goberno de Fene dixo e mantén que, en canto ao saneamento da ría, sempre van a estar a favor e que sempre o estiveron gobernando quen gobernase e nesta ocasión non vai ser menos, que respecto do cobro dos mariscadores tamén dixo claramente que este goberno municipal dixo que a conselleira estaba de acordo e que teñen que cobrar xa e o van esixir, que tamén dixo a palabra chorrada, pero que non é lóxico que diga que están a favor de pedirlle á conselleira que paguen dunha vez e logo dicir que é unha chorrada, que o que non están é a favor de debates que non lles corresponden, que isto é un concello. Di que un voceiro que gobernou este concello que nomee ao actual alcalde e diga que non fai nada cando leva nove meses, que non sabe que dirá cando leve catro anos, que defende ao actual alcalde e o defenderá sempre, xa que o que fixo dende que chegou aquí foi traballar, e non é un tema que se teña que falar aquí respecto desta moción, que o importante aquí é o que dicía o voceiro do BNG que é que os mariscadores teñen que cobrar e que o saneamento da ría é o hai que facer, que non se debe facer política con isto e que deben ir todos xuntos.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que quere insistir en que eles si fan política e que se este acordo vai ir para adiante e ademais con unanimidade roga que con este acordo se faga política e se vaia á consellería o luns, que máis unanimidade que esa non hai.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

- 1. Amosar a súa solidariedade cos mariscadores/as da Confraría de Barallobre pechados na Casa do Concello de Fene e o apoio a todas as súas demandas.**
- 2. Esixir que a Xunta de Galicia pague de xeito inmediato as cantidades adebedadas a todos os traballadores/as do mar da Confraría de Barallobre.**
- 3. Reclamar á Xunta de Galicia que nos vindeiros orzamentos da Comunidade Autónoma se consignen os cartos precisos para adiantar a finalización dos prazos de construción da EDAR da banda Sur da Ría de Ferrol e a súa urxente posta en marcha. Evitando en todo caso, un novo retraso por parte do Goberno do Partido Popular.**
- 4. Reclamar do Goberno de España a inmediata posta en marcha da EDAR e do colector Norte da Ría de Ferrol, que xunto co SUR permitirá facer realidade a depuración integral da Ría.**
- 5. Esixir ao Goberno de España que retire os restos da Ponte das Pías, depositados no fondo da ría desde o accidente do Discoverer Enterprise.**

6. Esixirle a Portos de Galicia que cumpra os compromisos pendentes coa Confraría de Barallobre, fundamentalmente a rexeneración con aporte de area no peirao de Barallobre e o derrube da antiga nave de Fondomar e do peche perimetral desta parcela, que debe ser gañada para o uso público.

7. Dragar as lombas de area o lodo que quedaron logo de pilotar os soportes dos novos pantaláns e que xa teñen provocado diversos accidentes en embarcacións de membros da Confraría de Barallobre.

8. Que se admitan as axudas de emerxencia social para o colectivo dos mariscadores.

9. Esixir á Administración a negociación para proceder á paralización dos pagamentos das cotas á Seguridade Social e a Facenda correspondentes ás cantidades que a propia Administración lles adebeda, así coma a paralización dos pagamentos dos impostos municipais.

10. Dar traslado do presente acordo á Conselleira de Pesca e a todos os grupos representados no Parlamento de Galicia, así como á Ministra de Fomento do Goberno de España.

5. Aprobación, se procede, do acordo relativo á reserva de crédito para o contrato de xestión do servizo de lacería, recollida, aloxamento e control de animais domésticos e salvaxes en cativeiro nos municipios da mancomunidade de Concellos da comarca de Ferrol.

De seguido o alcalde dá lectura do ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 9 de abril de 2012, que copiada di:

“Comprometerse a reservar crédito polo importe de 9754,98 €, importe para o financiamento do contrato de xestión do servizo de lacería, recollida, aloxamento e control de animais domésticos e salvaxes en cativeiro nos municipios da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, nos orzamentos dos futuros exercicios económicos que resulten afectados. Así como a satisfacer as obrigas económicas que se deriven para o concello do presente contrato dentro dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e asume directamente as responsabilidades legais e económicas que lle correspondan polo incumprimento de ditos prazos.”

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que van votar a favor deste convenio, que este servizo de lacería leva tempo esperando a que a Mancomunidade acordara o poder dispor dunha canceira mancomunada e poñer fin as múltiples solucións que cada concello lle daba a este asunto, que o prezo lle parece razoable, que ten un orzamento aproximado do que se viña gastando por este servizo cando estaba externalizado nos anos 2007 e 2008 e di que, na medida de que se vaian mancomunando servizos, sempre que sexan termos razoables e que a Mancomunidade funcione e libre aos concellos de determinadas cargas que hai nestes momentos terán todo o apoio para facer toda a política que queiran na Mancomunidade.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que están a favor de prestar este tipo de servizo mancomunadamente, que entenden que a Mancomunidade leva demasiado tempo perdido sen sacar proxectos deste tipo e que isto xustifica a súa funcionalidade, que comparten a idea pero non van votar a favor logo de ver o informe conxunto de Secretaría e Intervención que pon certas dúbidas no procedemento polo que se van abster facilitando así a súa aprobación.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que vai votar a favor, que lle parece ben que se mancomunen todos aqueles servizos que se poidan facer conxuntamente coa finalidade de alixerar as arcas do concello.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria o ditame da Comisión Informativa de Facenda e Promoción Económica de data 9 de abril de 2012, obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: doce (12) (dos/as Sres/as, Galego Feal, Bertoa Punte, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto, Serantes Paineiras, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: cinco (5) (dos/as Sres/as Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo e Martínez Ardá)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda incorporar ás emendas ao ditame que queda redactado coma segue:

Comprometerse a reservar crédito polo importe de 9754,98 €, importe para o financiamento do contrato de xestión do servizo de lacería, recollida, aloxamento e control de animais domésticos e salvaxes en cativeiro nos municipios da Mancomunidade de Concellos da Comarca de Ferrol, nos orzamentos dos futuros exercicios económicos que resulten afectados. Así como a satisfacer as obrigas económicas que se deriven para o concello do presente contrato dentro dos prazos establecidos na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e asume directamente as responsabilidades legais e económicas que lle correspondan polo incumprimento de ditos prazos.

6. Aprobación, se procede, do acordo relativo á exención do IBI nos bens inmobles propiedade da Igrexa Católica (ditame a instancia do grupo mixto municipal).

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que esta moción ven a pedir que o Estado comece a cobrar o IBI á igrexa, que é a institución que ten máis patrimonio, e que suporía uns tres mil millóns de euros anuais o que podería aforrar moitos recortes. Que a igrexa posúe en España máis de 40.000 institucións e recibe financiamento para publicidade e demais asuntos que a igrexa considere por importe de 250 millóns de euros anuais e para as asociacións relixiosas de interese social máis de 100 millóns anuais procedente do IRPF de todos os contribuíntes e que, mentres tanto, a cidadanía está como está, con subas de impostos, recortes de dereitos en materias de sanidade, salarios, educación, servizos sociais e demais, todo o básico, fundamental e imprescindible a criterio de EU para manter o benestar social dun país. Di que por iso presenta a seguinte moción que pasa a ler:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

El último 31 de diciembre se publicó el Decreto Ley 20/2011, de 30 de diciembre de 2011 de medidas urgentes en materia presupuestaria, tributaria y financiera para la corrección del déficit público. Las principales medidas en materia tributaria adoptadas es el aumento del IBI (Impuesto sobre Bienes Inmuebles) y es una de las “medidas temporales y progresivas” del gobierno de Rajoy.

El artículo 62 del Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, por lo que se aprueba el texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, habla de las exenciones del IBI. Y en el punto c dice que estarán exentos “Los de la iglesia católica, en los términos previstos en el Acuerdo Español y la Santa Sede sobre Asuntos Económicos de 3 de enero de 1979, y los de las asociaciones confesionales no católicas legalmente reconocidos, en los términos establecidos en los respectivos acuerdos de cooperación suscritos en virtud de lo dispuesto en el artículo 16 de la Constitución.”

Esta exención total y permanente de la contribución territorial urbana afecta a templos y capillas, residencias de obispos y sacerdotes, oficinas, seminarios y conventos.

La iglesia católica probablemente sea el más importante propietario inmobiliario del país, más incluso que algunas de las grandes empresas de los sectores de la construcción, textil o alimentación. Así que mientras el aumento de este impuesto va a afectar a toda la ciudadanía, al mayor propietario de bienes inmuebles no le afectará porque disponen de este privilegio. Se calcula que se podrían recaudar alrededor de 3.000 millones de euros. Consideramos que la Iglesia católica española vive en un paraíso fiscal ilegítimo y presuntamente ilegal.

Según sus propios cálculos, la Iglesia poseería sólo en España, a través de sus más de 40.000 instituciones (diócesis, parroquias, órdenes y congregaciones religiosas, asociaciones, fundaciones, etc.), bienes rústicos y urbanos que dejan de pagar a los ayuntamientos 3.000 millones de euros en concepto de IBI.

En el otro extremo, la Iglesia recibe para la financiación del culto, el clero, la publicidad y el proselitismo religioso, casi 250 millones anuales y para asociaciones religiosas de interés social más de 100, procedentes del IRPF de todos los contribuyentes.

Y mientras tanto a la ciudadanía, aparte de subirle este y otros muchos impuestos, por otro lado se le recortan derechos en materias como salarios, sanidad, educación, servicios sociales... todo lo básico, fundamental e imprescindible, a criterio de IU, para mantener el bienestar social de todo un país.

Desde EU reivindicamos YA la efectiva separación entre la Iglesia y el Estado, y pedimos que la iglesia se autofinancie. Reivindicamos también que se suprima la casilla de la declaración de la renta de donación de la devolución de la misma a la iglesia.

De acuerdo con todo lo expuesto, el Grupo Esquerda Unida del Cocello de Fene, presenta la siguiente

PROPUESTA DE RESOLUCIÓN

- 1.- Que se modifique el artículo 62 del Real Decreto Legislativo 2/2004 y se suprima la exención del IBI en los bienes inmuebles propiedad de la iglesia católica.
- 2.- Que se haga efectiva ya la separación entre la iglesia católica y el estado, y que la iglesia se autofinancie, suprimiendo además la casilla de la declaración de la renta, que permite donar a la iglesia la cuantía de la devolución de la misma.
- 3.- Dar traslado a los Grupos Parlamentarios del Congreso de los Diputados y al Presidente del Gobierno."

Prosegue a dicir a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez que non poden estar sempre afogados as mesmas persoas, sempre sufrindo recortes e que a igrexa non pague á Facenda, que non pague ningún tipo de imposto, nin de transmisións, nin actos xurídicos, que non pague imposto de sociedades, non paga IVE nin IRPF e inda por riba nos din que fan moitas obras de caridade, que fan moitas cousas, que si teñen a Cáritas... Que resulta que Cáritas tamén pide cartos á xente para o seu financiamento, que non se quere estender nisto pero pensa que é algo de xustiza que a igrexa pague polo que ten coma o resto e que eses cartos redunden nun maior beneficio nos de sempre, que son os que sofren os recortes.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo vai votar a favor da moción, que quere facer algunhas salvidades, que a igrexa católica é un ente moi amplo e di que ten unha pequena discrepancia coa voceira de EU, xa que a igrexa católica e as organizacións vinculadas a esta como Cáritas si que fan unha labor social moi importante, que todos os que gobernaron este Concello saben coma dende Servizos Sociais hai que derivar moitas veces a xente cara Cáritas para que cubra aqueles ocos ao que o Concello non dá chegado como Administración, que se trata dunha organización que ten unha rede implantada a nivel estatal, incluso internacional, e que en Fene é practicamente o único colectivo que ten infraestrutura suficiente coma para atender a veciños e veciñas que están en situación de necesidade. Di que tamén unha parte dos fondos que o Estado destina á igrexa católica, coma a outros colectivos, van para obras sociais dignas de admiración pero di que hai dúas cuestións a salientar, unha, que España é un Estado aconfesional no que a igrexa católica ten uns privilexios moi importantes fronte a outras confesións, incluso fronte a propia opción laica e dous, que se está a vivir nun momento de recortes, que esta mesma semana o ministro anunciou recortes na sanidade e na educación pública, cousa que tamén confirmou o presidente do goberno, o que dará lugar novamente a aulas masificadas nas escolas, aforrando así a contratación de mestres, que só en Galicia xa se levan contratado máis de mil mestres menos co goberno do Partido Popular, que isto tamén dará lugar á retirada dos ordenadores das escolas, que se anunciou o recorte de carreiras universitarias e a suba das taxas universitarias, se suprimen o 25% das bolsas de estudo, que en sanidade se vai sacar pediatría dos centros de saúde e así outros recortes que se teñen visto dende que goberna o PP. Se está recortando todo, se cobran máis impostos a todos e logo resulta que a Casa Real e a Igrexa Católica

non se lles quita nada, que isto é o problema, que non cuestiona a labor social que fai a igrexa, pero pide que se lle trate exactamente igual que aos demais, que se os cidadáns están a sacrificar servizos básicos coma a sanidade ou a educación, da educación pública precisa, xa que aínda está por ver o recorte da educación privada nos vindeiros orzamentos da Xunta de Galicia, que se os cidadáns están deixando polo camiño dereitos fundamentais pide que se lle trate a todo o mundo por igual, polo tanto que tamén se recorte da igrexa católica e tamén da partida da Casa Real, que seguro que tamén se pode recortar desta partida, que o rei tamén se pode apertar o cinto igual que os que están aquí.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que se vai centrar no aspecto normativo do imposto do IBI que é a cuestión de fondo da moción, di que o seu voto vai ser a favor, que quere poñer un exemplo para que todo o mundo o entenda, di que a Mezquita de Córdoba comezouse a construír no ano 780 e doce séculos despois, o 2 de marzo de 2006 a igrexa católica inscribiu este inmovible ao seu nome no rexistro da propiedade núm. 4 de Córdoba, que o trámite custoulle trinta euros, que este logro foi posible por dúas razóns, a primeira porque no ano 1998 Jose María Aznar cambiou a Lei hipotecaria, unha Lei que permitía e permite que os bispos sexan notarios, é dicir, que poden dar fe e certificar de que un inmovible pertence á igrexa e, sen necesitar ningún notario, poden acudir ao rexistro da propiedade, a segunda é dispoñer dun edificio cunha finca de 23.400 m² en pleno centro de Córdoba que non lle custa nada a Igrexa, non paga IBI e tampouco inviste en gastos de conservación, que os paga o Estado e di que a entrada á Mezquita de Córdoba é de 8 euros cun millón de visitantes ao ano e que non dan recibo polo que non pagan ningún impostos. Di que dende o BNG entenden que a cuestión é normativa, que igual que entenden que os equipos de fútbol paguen á Seguridade Social e os impostos, a Igrexa católica ten que pagar polo patrimonio que ten e isto é un dos exemplos máis sangrantes a nivel do Estado. Así se fixeron coa casa parroquial de Loira no Concello de Valdoviño, que a fixeron os veciños e a inscribiu o Bispo, que isto pode pasar cos cemiterios, campos da festa e demais... que así ser alcalde en Mondoñedo, no que todo é da igrexa, consiste en non obter cartos desta e para levantar unha rúa ter que estar ao ditado de Patrimonio, co que os cartos dun proxecto normal só dan para cincuenta metros de rúa polo que, conclúe, é fundamental que a igrexa católica manteña o seu patrimonio e pague impostos por elo e se o patrimonio se sostén entre todos ten que ser público. Esta Lei hipotecaria a fixo Aznar no ano 1998 e Zapatero non a cambiou, que é certo que Rubalcaba dixo que a ía cambiar. Para o seu grupo é moi duro ver coma pasan os anos e os acordos do ano 1979 coa Santa Sede se manteñen, que a Igrexa ten que pagar polo que ten e que por iso o seu grupo está totalmente de acordo con esta moción.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que a moción solicita a exención do IBI dos bens inmoables da Igrexa e que ao mellor había que diferenciar entre ditos inmoables, que non é o mesmo as propias igrexas, catedrais, obras de arte que son verdadeiras obras de arte que todos poden admirar de tódolos inmoables que ten a Igrexa e polo que saca un rendemento, que realmente debían pagar o IBI por eles, que inmoables e patrimonio son cousas distintas, que ao mellor terían que tributar polos inmoables e deixar o patrimonio fóra. Lamenta que a moción de EU non sexa máis ambiciosa xa que neste país tamén están exentos do IBI as entidades evanxélicas de España, a Federación de Israelitas de España e as Comisións Islámicas de España, todas elas exentas tamén do IBI. Di que lle chama a atención que se pida a eliminación da casilla da Igrexa na declaración da renda, que en todo caso cada quen que marque o que queira, que é lícito que dende aquí se faga un chamamento á cidadanía para que marque unha ou outra opción, pero que isto non lle fai mal a ninguén. Di que, por todo isto, esta moción é pouco ambiciosa polo que o Partido Popular se vai abster.

Rematado o debate a Presidencia somete a votación ordinaria o acordo relativo á exención do IBI nos bens inmoables propiedade da Igrexa Católica (ditame a instancia do grupo mixto municipal), obténdose o seguinte resultado:

Votos a favor: once (11) (dos/as Sres/as, Puentes Rivera, Noceda Carballo, García Balado, López Rodríguez, Silvar Canosa, Trigo Rey, Couto Seijido, Polo Gundín, Roca Requeijo, Martínez Ardá e Martínez Rodríguez)

Votos en contra: ningún

Abstencións: seis (6) (dos/as Sres/as Galego Feal, Bertoa Puente, Dopico Rodríguez, Franco Casal, Barro Couto e Serantes Panceiras)

Á vista do resultado da votación o Pleno acorda:

- 1.- Que se modifique o artigo 62 do Real Decreto Legislativo 2/2004 e se suprima a exención do IBI nos bens inmoables propiedade da igrexa católica.
- 2.- Que se faga efectiva xa a separación entre igrexa católica e o estado, e que a igrexa se autofinancie, suprimindo ademais a casilla da declaración da renda, que permite doar á igrexa a coantía da devolución da declaración.
- 3.- Dar traslado aos Grupos Parlamentarios do Congreso dos Deputados e ao Presidente do Goberno.
7. Aprobación, se procede, do acordo relativo á protección das persoas afectadas pola colocación de participacións preferentes (ditame a instancia do grupo municipal do BNG).

De seguido intervén o alcalde que di que esta e a seguinte moción son semellantes no fondo polo que propón facer un único debate neste punto e logo pasar a votar as dúas mocións por separado, segundo a orde do día.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que xa fai un mes presentaron unha moción sobre a colocación masiva de preferentes e na Comisión Informativa admitiron unha emenda do grupo mixto para engadir un punto máis. Di que fundamentalmente todo o mundo coñece a situación que se está a dar, que hai xente que tiña uns cartos e que pensou que ía contratar uns depósitos a prazo fixo e contratou, sen saber, un produto financeiro ata daquela descoñecido, que a propia Comisión de Valores no ano 2009 advertiu que non se trataba un produto financeiro idóneo para a súa colocación no tramo comerciante polo miúdo, é dicir, para os pequenos e medianos aforradores. Di que isto ocorreu nos anos 2010 e 2011 no que continuaron esas emisións coma forma de mellorar a solvencia das entidades financeiras, que isto está a xerar moitos problemas á xente porque non poden retirar os depósitos e provoca unha situación de indefensión moi grande, que provocou protestas dos usuarios na TVG ou no Parlamento de Galicia, que lles estraña que se poida cambiar a Constitución española en quince días e que o Parlamento non sexa quen de cambiar a Lei no relativo a este tipo de colocación de produtos financeiros, polo que presentaron esta moción, do que pasa a ler o ditame:

“- Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en instrumentos financeiros opacos sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, co fin de que podan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posíbel.

- Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que os centos de adquirentes de participacións preferentes das extintas Caixas de Aforro podan recuperar inmediateamente o investimento realizado.

- Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que demanden do Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores (CNMV) a emprender unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores.

- Instar ao Goberno do Estado a sancionar ás entidades financeiras que vulnerasen a lei ignorando os requisitos legais para comercializar produtos financeiros de alto risco, caso das participacións preferentes.”

Prosegue a dicir o concelleiro Manuel Polo Gundín que dende o seu punto de vista se está a xogar cos aforros de moita xente, nun período de crise, de xente máis ben maior, que ademais ten máis capacidade de aforro ó facelo toda a vida, e feito por aqueles directores das entidades financeiras nos que se confiaba e que enganaron aos usuarios, e por iso que as administracións teñen que tomar parte neste asunto e reformar, se é necesario, o marco legislativo e facilitar que tódolos pequenos e medianos impositores recuperen os seus cartos. Que moitas entidades xa andan a facer trucos, que aínda que hai algunha entidade tentando solventar a situación, hai que tomar medidas concretas e

depurar responsabilidades e, se é o caso, sancionar as entidades coas penas que marque a Lei polo que está preto de ser unha estafa.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que por non redundar di que eles presentan unha moción no seguinte punto da orde do día na que por non repetirse, di que entende que hai dous tipos de persoas afectadas, xente con moitos cartos que decidiu libremente comprar estas opcións preferentes dos bancos, sabendo o que facían, e que lles saíu mal, e moita máis xente, pequenos aforradores, tamén xente de Fene, que en base a credibilidade dun director asinaron estes produtos co resultado de que o que asinaron no seu día hoxe ten menos valor e que ademais non se poden retirar, que se tecnicamente non se está diante dunha estafa, moralmente si. Por isto traen esta moción e dá lectura do ditame:

“- Dirixirse ao Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores para que nun prazo non superior a un mes , autoricen as propostas que realicen as entidades financeiras galegas, nomeadamente NGB, de troco de participacións preferentes por depósitos a prazo fixo, permitindo con elo que os afectados por este tipo de produtos perpetuos poidan acceder os seus aforros nun prazo limitado de tempo.

- Dirixirse a Comisión Europea ou a calquera outro organismo da Unión Europea que teña atribuídas competencias de vixilancia, supervisión e control sobre os cartos prestados polo FROB a NGB, para que preste as autorizacións precisas para trocar as preferentes por depósitos a prazo fixo.”

Prosegue o concelleiro Iván Puentes Rivera dicindo que o que se pide é que se faga xustiza con xente que o está a pasar mal e que espera que o goberno lles ofrezca unha resposta e lles cure a intranquilidade na que viven logo de ver que os aforros da súa vida están perdidos, que hai xente que di que a culpa é de cada quen por non ler antes de asinar, que saben que o sistema non funciona así, que de romper regras os bancos saben moito nesta crise, que son moitas as axudas específicas que lles habilitaron os diferentes gobernos nesta crise para que non quebrasen e tamén é xusto que cando se trate de manter a flote aos cidadáns os bancos respondan e se poidan habilitar este tipo de medidas.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que para que non lle acusen de pouco ambiciosa di que vai ir un pouco máis alá, que o outro día dixo que unha estafa é un acto que se fai con intención de enganar e ou prexudicar a un terceiro abusando da súa boa fe ou confianza, polo que o que están a facer os bancos é unha estafa, que o que non entende é que non haxa ningún no goberno que lle poida meter man, que xa sabe que se trata de empresas privadas, pero que o que fan os bancos é estafar e roubar a ollos vistos, que non lle vale aquilo de que a xente non leu a letra pequena, que se teñen vistos casos que saíron nos medios de comunicación que houbo xente que levaba máis de corenta anos na entidade bancaria, fiándose do director ou directora e que asinaron coa pegada dactilar, que á xente se lle enganou, incluso á que non sabía ler, que para ela isto é unha estafa pura e dura, que entende que tódalas entidades que cometeron estas estafas tiñan que ser demandados e procesados. Di que vai votar a favor da moción, que o seu grupo había presentado unha moción que, coma foi moi xusta de tempo, se sumaron á moción do BNG cunha reforma e conclúe dicindo que vai votar a favor.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que o Partido Popular de Fene está a favor coa moción presentado polo BNG, que subscribe esa proposta de resolución e a exposición de motivos. Respecto da moción do PSOE roga para que se retire a exposición de motivos desta moción, que a exposición de motivos do BNG lle parece moi coherente e sen entrar en demagoxias coma a do PSOE.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que non teñen ningún problema en que se debatan só os puntos da proposta, xa que a intención do seu partido era debater e fusionar a súa moción coas do BNG e de EU, pero que non o puideron facer xa que por problemas laborais non puideron asistir á Comisión.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

- Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que adopten medidas efectivas de protección dos clientes de entidades financeiras que investiron os seus aforros en

instrumentos financeiros opacos sen que por parte das entidades fosen informados debidamente dos riscos do produto e sen que se cumprisen as demais obrigas establecidas na normativa, co fin de que podan recuperar os seus aforros no prazo de tempo máis breve posíbel.

- Instar á Xunta de Galiza a exercer as potestades que ostenta sobre Novagalicia Banco para que os centos de adquirentes de participacións preferentes das extintas Caixas de Aforro podan recuperar inmediatamente o investimento realizado.

- Instar á Xunta de Galiza e ao Goberno do Estado a que demanden do Banco de España e a Comisión do Mercado de Valores (CNMV) a emprender unha campaña de inspección sobre a comercialización por parte das entidades financeiras das participacións preferentes, esixindo, no seu caso, a depuración das responsabilidades aos executivos e directivos das entidades financeiras que impulsaron e cometeron o fraude masivo aos pequenos aforradores.

- Instar ao Goberno do Estado a sancionar ás entidades financeiras que vulnerasen a lei ignorando os requisitos legais para comercializar produtos financeiros de alto risco, caso das participacións preferentes.

8. Aprobación, se procede, do acordo relativo ó fraude das participacións preferentes dos bancos (ditame a instancia do grupo municipal do PSOE).

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que se remite ao dito no anterior punto.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda:

- Dirixirse ao Banco de España e a Comisión Nacional do Mercado de Valores para que nun prazo non superior a un mes , autoricen as propostas que realicen as entidades financeiras galegas, nomeadamente NGB, de troco de participacións preferentes por depósitos a prazo fixo, permitindo con elo que os afectados por este tipo de produtos perpetuos poidan acceder os seus aforros nun prazo limitado de tempo.

- Dirixirse a Comisión Europea ou a calquera outro organismo da Unión Europea que teña atribuídas competencias de vixilancia, supervisión e control sobre os cartos prestados polo FROB a NGB, para que preste as autorizacións precisas para trocar as preferentes por depósitos a prazo fixo.

9. Aprobación, se procede, previa ratificación da súa inclusión na orde do día, da proposición de Alcaldía de participación no PCC 2008-2011 mediante o Proxecto saneamento e abastecemento Bouza da Pena – Maniños.

Dáse conta da proposta da Alcaldía de data 9 de abril de 2012, que copiada di:

“Proposición a incluír no Pleno do 12 de abril de 2012

Logo de ver que segundo os servizos técnicos municipais a actuación incluída no PCC 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña “Renovación da rede de distribución na Avda. Porta do Sol” non pode ser executada.

Logo de ver o expediente tramitado aos efectos, propoño, que previa ratificación da súa inclusión na orde do día o Pleno do Concello acorde:

1.- Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña anualidade 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

Denominación	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Saneamento e abastecemento Bouza da Pena (Maniños)	189367,13	28405,07	160962,06
Renovación das redes de abastecemento dea auga da Rúa Alta e A Torre	308018,94	45419,74	262599,2
SUBTOTAL OBRAS	497386,07	73824,81	423561,26

Aprobar os proxectos das obras incluídos nesta táboa.

Polo tanto substituir o proxecto Renovación da rede de distribución na Avda. Porta do Sol" polo proxecto

2.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3.- Para o financiamento do importe da achega municipal, ente concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente crédito dabondo para o seu financiamento.

5.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras administracións públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

6.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

7.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

Fene 9 de abril de 2012

O alcalde

Gumersindo Pedro Galego Feal"

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que non entenden que este punto veña fóra da orde do día cando se deu conta na Comisión e que o lóxico é que este expediente viñese ditaminado pola Comisión, que aínda así van votar a favor.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que se trata de cambiar o proxecto de obra do abastecemento de auga na Porta do Sol polo saneamento e abastecemento en Bouza da Pena, que o motivo é que para facer as obras na Porta do Sol falta unha autorización de Fomento, que estivo bloqueada dende hai tempo, que tanto o alcalde coma el mesmo foron varias veces ata Fomento para tentar resolver esta autorización, que o 27 de marzo sobre as dúas da tarde se recibe a comunicación vía fax de Fomento, da Demarcación de Estradas na que autorizan as obras cunhas condicións. Dita autorización foi informada pola oficina técnica que sinala que, tal e coma está redactado o proxecto, as obras non se poden levar a cabo seguindo os condicionantes da autorización de Fomento, que o día 31 de marzo o proxecto tiña que estar presentado na Deputación para que non se perderan os cartos do proxecto, uns 189.000,00 euros aproximadamente, por iso houbo que tomar unha determinación. Di que no seu día houbo veciños de Bouza da Pena que solicitaron servizos e se tomou a decisión, que é certo que na Comisión Informativa do día 2 non se levou para ditaminar pero di que se deu conta do acontecido, e que o motivo foi que se ía moi xustos de tempo.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo vai votar a favor porque teñen claro que a prioridade é non perder os cartos e poder facer a obra e dotar de servizos aos veciños da Bouza da Pena, que é unha obra que

estaba pendente de que houbera financiamento para a facer, que con isto non queren que se esqueza a obra que se retira da Porta do Sol, xa que é unha zona que afecta a bastantes veciños e que se encadra nunha estratexia do anterior goberno municipal de substituír as tubarias de fibrocemento que aínda existen no Concello, tanto por motivos de saúde coma por motivos económicos, xa que este tipo de tubarias sofren moitas rupturas. Di que é certo que esta obra, segundo os condicionantes impostos pola Demarcación de Estradas é moi difícil de executar, pero tamén é certo que por riba está o propio Ministerio e o Goberno de España, gobernado polo Partido Popular, polo que rógalle ao goberno municipal que teñan capacidade de negociación co goberno de España para que este poida impoñer outras condicións á propia da Demarcación de Estradas, que os motivos que ofrece a Demarcación é non romper o aglomerado que se fixo de novo, que entende que isto non se faga na propia vía pero que neste caso sería na beiravía e que entre romper a beiravía e non darlle servizos aos veciños el entende que prevalece a necesidade dos veciños. Di que por iso roga para que o goberno municipal faga toda a presión que poida para poder acometer esta obra e podela financiar con algún plan, xa que se trata dun tramo que está a romper seguido e terá que ter unha solución o máis axiña posible.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que o seu grupo fixo referencia ao tema da convocatoria porque non é de hoxe que o PCC tiña un prazo que remataba o 31 de marzo, que este plan é do ano 2008 e inclúe case que medio millón de euros para a renovación de saneamento e abastecemento, que todos os grupos políticos votaron a favor destas actuacións, que teñen un atraso de dous ou tres anos. Di que aos veciños de Bouza da Pena lles toca a lotería porque outros perden o boleto, e o perden por falla de xestión, que co arranxo da estrada ben se puido ter coordinado as obras para facer a obra e aglomerar e que piden que esta actuación non se perda, que hai que ver coma está o proxecto, ver que se axeiten os requirimentos que fai o Ministerio de Fomento, remover os obstáculos políticos e administrativos necesarios e cando haxa financiamento renovar a instalación, xa que se trata dun tramo principal. Di que o seu grupo vai votar a favor e esíxelle ao grupo de goberno que cando existan proxectos deste tipo non os traian por urxencia, que cando non queda máis tempo hai que facer as cousas por urxencia, pero di que se trata de plans que teñen prazos coñecidos, que o seu grupo non vai votar en contra das urxencias pero habendo tempo se poden facer, primeiro, propostas de obras a acometer e que todos teñen capacidade e coñecemento de propor obras necesarias que ben se poderían tratar en Comisión e, segundo, que se poidan examinar en que consisten as obras, que o que o Partido Popular recriminaba a anteriores gobernos municipais se lle pode aplicar ao goberno actual neste caso. Remata a súa intervención rogando que todas as obras do PCC se executen no seu conxunto e di que farán rogos e preguntas ao respecto.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que está totalmente de acordo co manifestado polo voceiro do BNG, que isto xa se ten falado nalgunha Xunta de voceiros e habería moitas opcións, que vai votar a favor xa que calquera obra que beneficie aos veciños, sexa nun sitio ou noutro, lle parece perfecto.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta que, falando de tempos, no tempo que levamos as actuacións do actual goberno foi desbloquear e manter a obra, xa que se trata dunha actuación importante, que a autorización xa non estaba na Coruña se non que se tramitou en Madrid, que logo de retomar e desbloquear a autorización o técnico municipal manifestou que a obra é inviable polo que non lles queda outra alternativa, que é certo que foi tomada no último día pero foi para non perder a inversión, que está de acordo en que sucesivas actuacións non se faga así, pero que neste caso se trata de algo que xa ven de atrás.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, manifesta que está totalmente de acordo, que rogan, xa que hai unha delegación específica do alcalde nun concelleiro para este tipo de obras, que estas obras vaian á Comisión e que haxa tempo de miralas, que coma dixo a voceira do grupo mixto xa se falou meses atrás na Xunta de voceiros que este tema podería chegar in extremis, que para eles entre investir cartos en auga e saneamento ou perdelos escollen a primeira opción, pero que pase por Comisión.

Rematado o debate, o Pleno da Corporación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros presentes acordan:

1.- Participar no Plan de cooperación cos concellos (PCC) 2008-2011 da Deputación Provincial da Coruña anualidade 2011, cuxas bases se coñecen e aceptan na súa

totalidade, no que se recollen as obras que o Concello ten previsto realizar, e solicitar a realización dos investimentos que se indican de seguido:

Denominación	ORZAMENTO TOTAL	ACHEGA MUNICIPAL	ACHEGA PROVINCIAL
Saneamento e abastecemento Bouza da Pena (Maniños)	189367,13	28405,07	160962,06
Renovación das redes de abastecemento de auga da Rúa Alta e A Torre	308018,94	45419,74	262599,2
SUBTOTAL OBRAS	497386,07	73824,81	423561,26

Aprobar os proxectos das obras incluídos nesta táboa.

Polo tanto substituír o proxecto "Renovación da rede de distribución na Avda. Porta do Sol" polo proxecto "Saneamento e abastecemento Bouza da Pena (Maniños)".

2.- Declarar que o Concello conta cos terreos, autorizacións e concesións necesarios para a execución da obra.

3.- Para o financiamento do importe da achega municipal, ente concello comprométese a incluír no orzamento municipal correspondente crédito dabondo para o seu financiamento.

4.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións Públicas para o financiamento do investimento ou, no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións para a súa execución, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

5.- Autorízase á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social

6.- Facultar expresamente ao alcalde para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

FASE DE CONTROL AOS ÓRGANOS DE GOBERNO

1. Dación de conta das resolucións da Alcaldía dende o número 133/2012 de 10 de febreiro do 2012 ata o número 286/2012 de 20 de marzo de 2012.

Dáse conta das resolucións da Alcaldía comprendidas entre a número 133/2012 de 10 de febreiro do 2012 ata o número 286/2012 de 20 de marzo de 2012, manifestando o alcalde que estiveron a disposición dos distintos grupos municipais na Secretaría do Concello, e así consta no expediente.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, pregunta pola resolución 133/2012 de cese dunha traballadora e quere saber se é a mesma traballadora que logo se volveu contratar.

O concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez responde que cesou porque a titular da praza tomou posesión e se volveu contratar porque a propia titular está de baixa por maternidade.

2. Mocións

Non se presenta ningunha.

3. Rogos e preguntas

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, pregunta se xa se asinou o convenio coa Consellería do Medio Rural para facelos desbroces que se viña asinando tódolos anos por estas datas. Tamén pregunta se se asinou o convenio da motobomba para o verán e se se iniciou o proceso de selección do persoal. Respecto da supresión do servizo da farmacia de garda no Concello de Fene, que pasará a ser un servizo conxunto para Ares, Mugar dos e Fene, pregunta se o goberno municipal fixo algunha xestión perante a Xunta de Galicia para poder restablecer o servizo en Fene. En relación coa regulación do tráfico no contorno da Casa da Cultura, pregunta se teñen pensado en reordenar o tráfico. Con respecto a Fontenova, no cruce co Sartego, roga para que se poida regulamentar o aparcamento dos vehículos e evitar os atascos que se están a producir. Pregunta se a Concellería de Servizos ten programada a limpeza de colectores do Concello e se non é así roga para que se faga. Pregunta pola solución que se vai adoptar no camiño da Trabanca en Limodre. Di que no último Pleno preguntaron pola política de deforestación do Partido Popular ao que o concelleiro lle respondeu que non seguía ningún plan técnico e que se ía seguir a cortar árbores, di que seguen a cortar árbores polo que rogan que as vindeiras talas de árbores se fagan apoiadas en informes de técnicos municipais que xustifiquen a tala. Roga que se lle dean resposta aos escritos veciñais, que están a recibir queixas veciñais ao respecto. Roga que se faga unha limpa de rexistros, que froito da seca e do lixo acumulado, hai varios rexistros atascados, roga para que se repoñan os colectores de lixo naqueles lugares nos que se pediron. Pregunta se hai novidades por parte da Deputación Provincial da Coruña para abastecer aos veciños no contorno da Liga de Barallobre e en relación coa obra que aínda non está rematada, quere saber si xa se recepcionou dita obra. En relación coa rede wifi roga para que se arranxe canto antes os puntos que non funcionan. Respecto do Consello Escolar roga que se convoque antes do remate do curso ou cando menos que se faga a previsión para a convocatoria cara ao vindeiro curso e poder ir arranxando os problemas que haxa nos colexios. En relación co Consello Escolar di que no Pleno de novembro se adoptou o acordo de designar á Concelleira María Carmen Silvar Canosa coma representante no colexio de O Ramo en Barallobre e a día de hoxe non está sendo convocada porque o Concello non notificou ese nomeamento, polo que roga que se lle informe ao colexio que a representante non vai porque non é convocada e que se lle notifique canto antes dito acordo ao colexio. Di que en Comisión Informativa se deu conta da supresión da comisión de servizos do técnico de riscos laborais e da persoa que viña exercendo como conserxe na praza de quen exercía coma técnico de riscos laborais, que tamén se informou da contratación dunha empresa externa que vai levar este servizo, polo que di que lles gustaría que antes de adoptar esta decisión se informase dos custes que vai ter para, así, podela valorar axeitadamente e ver se é a mellor elección posible. Pregunta se hai novidades respecto da segunda escola infantil. Pregunta se hai algún cambio na oficina técnica do Concello xa que o enxeñeiro de camiños informou que non era executable a obra da Porta do Sol, segundo o falado antes, e a obra que a substitúe ven informado polo arquitecto técnico municipal, que é totalmente competente para facelo, pero quere saber se responde a algún cambio de estratexia á hora de informar ou dalgún cambio de funcións entre os distintos departamentos do Concello.

De seguido intervén o alcalde que responde que aínda non se asinou o convenio con Medio Rural para a realización de desbroces, di que se asinou o convenio do camiño de Santiago. Respecto das xestións pola farmacia de garda di que si se fixeron xestións, que ata a data foron infrutuosas. En relación coa segunda escola infantil di que estiveron na asemblea do Consorcio na que o presidente dixo que estaba pendente da decisión de Madrid, xa que non se fixo ningunha afectación, que está coma estaba. En relación cos rogos di que toman nota deles.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que, respecto do convenio da motobomba, nos dous últimos anos se asinou no mes de xuño e neste se intentará facer o máis axiña posible, en canto ao Consello escolar di que rematou o prazo de exposición pública para facer alegacións e esta semana se remitiu de novo para a súa publicación definitiva e unha vez estea isto feito se convocará o Consello escolar de xeito debido. Respecto da oficina técnica non houbo ningún cambio, que neste caso había moita presa porque remataba o prazo, que o enxeñeiro de camiños estaba de permiso e por iso informou o arquitecto técnico.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez, quen unha vez concedido, manifesta respecto da reordenación do tráfico no contorno da Casa da Cultura que non teñen coñecemento de problemas, que falará coa Policía para ver si é necesario facer algún reforzo, do mesmo xeito que se fará na zona do Sartego para valorar as necesidades. En relación coas beirarrúas de Barallobre di que houbo unha empresa rematando os detalles que quedaban e xa se fixeron unhas probas de presión, di que Aquagest tamén ten que facer outras probas e a vista do

informe resultante se recepcionará a obra. Respecto da contratación da empresa de riscos laborais di que, segundo se deu conta na Comisión, aínda se está en período de alegacións polo que non está pechado o asunto.

O concelleiro Iván Puentes Rivera pregunta se, sobre a contratación da empresa que asumirá a prevención de riscos laborais, se lles dará conta previamente dos custes que vai ter ao que o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez contéstalle que si.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro José Andrés Serantes Painceiras, quen unha vez concedido, responde que xa se comezou onte a facer a limpeza de colectores do lixo, di que hoxe se estivo limpando na zona de Barallobre, di respecto do camiño da Trabanca que non teñen previsto facer ningunha actuación máis que o que supoña o mantemento normal do camiño e en relación coa deforestación di que non é tal, que en todo caso responden á peticións veciñais.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Manuel Polo Gundín, quen unha vez concedido, roga para que se faga un estudo concreto de xardinería e non en base a peticións veciñais xa que pode haber tantas a favor coma en contra, que non é lícito que en base a peticións se tale unha magnolia con máis de vinte anos, que roga para que non se corten árbores vivas por petición popular e si que se atenda a un plan de xardinería, que cada día desaparecen tres ou catro árbores. Roga para que se repoña con urxencia a varanda do paso a nivel do tren de Perlío, que xa se rogou no Pleno pasado e que agora xa se está a caer. Roga para que se repoña a auga nas fontes do parque de Vilanova. Pregunta cantas empresas se presentaron á licitación do contrato Verán máis alá. Roga que se limpe a senda de Marraxón ao Beelle. Pregúntalle ao alcalde pola visita que ía haber da Consellería ao Centro da 3ª idade, se isto foi así e a solución que pode ter ese centro, polo que roga que lles avisen da visita e das actuacións que se van facendo, xa que foi o seu grupo quen trouxo mocións ao Pleno e se preocupou da situación deste centro. Respecto do asunto dos mariscadores pregúntalle ao alcalde que compromiso lle trasladou a conselleira na reunión que mantivo con ela. Pregunta se houbo algún avance sobre a auga de Magalofes ou sobre a cesión dos terreos. Roga para que se informe aos grupos, antes ou en Comisión, do calendario das obras dos plans que se están a licitar. Pregunta se houbo algún avance sobre a estrada pola que se pediu á Deputación máis seguridade vial. Di que o Concello ten coma representantes á concelleira Rita María Couto Seijido e ao alcalde e roga para que se lle avise das reunións do Consorcio e que actúen conxuntamente. Roga para que se lles facilite o estudo que xa tiñan solicitado sobre o consumo da auga. Di que en Comisión preguntaron en dúas ocasión polo Plan de cooperación cos Concellos da Xunta de Galicia, que remata o prazo hoxe, continúa dicindo que este plan é para a contratación de persoal polos concellos e que para o seu grupo é moi importante, e máis nunha situación de desemprego coma a que estamos a vivir, un plan polo que o Concello de Fene ven contratando persoal, co financiamento da Consellería, e que para o BNG foi no pasado e é no presente un instrumento principal, que eles apostaban por complementar o plan nos orzamentos do ano 2011 con fondos propios para facer contratacións directamente dende o Concello, coma se viña facendo, en programas de 6 meses, para que os desempregados e desempregadas de Fene tivesen a opción de ter un emprego, que lle preocupa e quere preguntar porque transmiten a idea de que o BNG está en contra de que se contrate xente dende o Concello e manifesta que iso non é certo, que o que saben é que é o grupo de goberno quen esta en contra dese tipo de plan municipal de contratación, polo que quere preguntar se se fixo ese plan, para cantos postos de traballo se fixo, cal é o obxecto das contratacións e se o Concello de Fene ten previsto no ano 2012 facer un plan complementario de contratación de persoal, semellante ou paralelo ao que fai a Xunta de Galicia, para que os desempregados poidan traballar en traballos como axuda no fogar, limpeza e mantemento de rúas, desbroces ou outros traballos que viñan facendo este persoal.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, quen unha vez concedido, manifesta que o prazo para presentar as ofertas do campus lingüístico Verán máis alá remata hoxe, que preguntou no rexistro de entrada sobre as 13:00 horas e ían presentadas cinco empresas, sen prexuízo das que entren por fax ou por correo.

Neste momento se ausenta a concelleira Rocío Aurora Bertoa Puente, sendo as 20:46 horas.

De seguido intervén o alcalde que responde respecto da reunión que tivo en Santiago sobre o Centro da 3ª idade di que a reunión foi solicitada polos representantes do centro, que el só se limitou a facer a xestión de enviar un correo electrónico á directora xeral apoiando a petición feita polo centro, que esa petición non poñía nada dos voceiros, que eles lle pediron que os acompañara para ir a Santiago e así o fixo este luns, que na reunión, coma o tema da cafetería estaba resolto, só se tratou o tema

da traballadora social e di que as novas non son boas, que xa se aprobou a relación de postos de traballo e o seu posto foi suprimido do centro de Fene, que a segunda solución que se formulou foi que se atendese este servizo polas traballadoras municipais en San Valentín, pero que aínda así se precisaría dunha persoa que estivese alí ao fronte do centro cando o director estivese ausente, xa que as circunstancias persoais da outra persoa que presta alí o seus servizos semella que non son as máis idóneas para estar á fronte do centro, e nisto é no que se está a traballar agora mesmo, continúa dicindo que esperan que a semana que ven veña o delegado territorial pero que aínda non está confirmada a visita. Di que ese mesmo día fixo por ver á conselleira do Mar e lle manifestou que ía respectar o prazo dado de tres semanas e que non ía facer nada máis. En relación coa auga de Magalofes di que houbo unha reunión co conselleiro de Medio Ambiente e Infraestruturas e esta pendente de que o chame para que lle facilite unha previsión de datas na que se asine o convenio, en relación cos terreos di que seguen igual que coma estaban, que xa están traballando noutra opción por se esta falla.

Neste momento se incorpora á sesión a concelleira Rocío Aurora Bertoa Punte, sendo as 20:47 horas.

Prosegue a dicir o alcalde, respecto da seguridade vial da rúa Santiago, que este xoves a dirección do instituto veu ao Concello e reiterou a solicitude das bandas rugosas e anuncia que se vai facer a xestión na Deputación.

A continuación pide o uso da palabra o concelleiro Alejandro Dopico Rodríguez, quen unha vez concedido, di, en relación coas obras do POS 2007, que segundo manifestou a empresa as obras poden comezar para a semana que ven, en relación ao asunto do paso a nivel di que fixeron unha visita de comprobación e que xa había informes do enxeñeiro do ano 2008 no que poñía de manifesto que a varanda necesitaba un mantemento importante e que non sabe porque non se fixo daquela, di que se trata dunha obra complicada e non se debe inverter moito xa que está pendente dunha actuación completa, pero que se vai facer un arranxo porque é certo que presenta inseguridade.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Iván Puentes Rivera, quen unha vez concedido, manifesta que por alusións ao informe do ano 2008 di que é certo que o informe existe e que eles, cando gobernaban, pasaron co enxeñeiro de camiños pola zona para comprobar que non había ningún risco, xa que cando o houbese se pechaba o paso á espera de que se puidese facer canto antes a pasarela.

De seguido intervén o alcalde para pedir desculpas pola asemblea do Consorcio e respecto do consumo de auga di que a empresa Emafesa segue sen contestar e que se lle volverá reiterar a solicitude e que ten os datos de Aquagest que llos facilitará.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro Juan José Franco Casal, quen unha vez concedido, responde dicindo, respecto do Plan de cooperación, que na Comisión lle preguntaron por el e deu conta de que aínda non se presentara, que foi presentado hoxe por rexistro telemática e xa lle pode responder que se pediron 14 prazas, 2 condutores, 1 carpinteiro, 2 pintores, 1 albanel, 4 peóns, 2 para axuda no fogar e 2 para o servizo de Protección Civil.

De seguido pide o uso da palabra o concelleiro José Andrés Serantes Paineiras, quen unha vez concedido, di respecto da senda do Belette que foi ver a zona cun traballador do Concello e un representante do Club de Montaña de Ferrol para comprobar coma estaba, xa que este sábado hai unha baixada do río Belette, e di que está en perfectas condicións de paso.

A continuación pide o uso da palabra a concelleira Rocío Aurora Bertoa Punte, quen unha vez concedido e antes da quenda de palabra da voceira do grupo mixto, respóndelle a unhas preguntas formuladas por escrito o 3 de abril de 2012, dicindo en relación coa gravación das Comisións Informativas que se solicitou un informe xurídico ao respecto e logo de telo se lle dará resposta, en relación co atraso da Comisión dille que non subiron á Sala de Comisións ningún representante do goberno municipal nin ningún persoal da administración do Concello, polo que pide desculpas, en canto ao punto catro do seu escrito en relación coas notificacións que non debe facer a Policía Local e polo que solicita que se fagan dun determinado xeito di que se atenderá ao seu rogo e que tratarán de solucionalo. De seguido intervén o concelleiro José Andrés Serantes Paineiras que responde en relación á pouca seriedade que tiña o voceiro do grupo municipal do PP respecto á colocación duns colectores en Maniños dicindo que el mesmo comprobou in situ e anuncia que están colocados dende

hai tres meses, que este tema xa se falou o mes pasado e lle dixo que el mesmo a invitaba a levala e ver os colectores, que onte foi ver a zona e di que en cen metros hai dous colectores. De seguido intervén o concelleiro Juan José Franco Casal para responder doutro escrito da voceira do grupo mixto municipal en relación cos pagamentos pendentes aos participantes nos concursos de tapas do pasado ano que responde que pensa que xa quedou contestado en Comisión, ao que a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez di que se refería a dar conta na Comisión.

Seguidamente pide o uso da palabra a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez, quen unha vez concedido, di, en relación cos colectores, que non pediu un colector para ninguén en concreto, que puxo coma referencia a casa do ex alcalde do BNG para indicar o sitio onde os veciños pedían o colector e dille ao concelleiro de Servizos que acaba de coñecer a invitación para ir ver o sitio e que xa lle dillo cales eran os motivos polos que non podía baixar e aproveita para dicirlle que se arranxen un pouco máis as beirarrúas xa que despois de pedir sempre o tema dos rebacheos foi a primeira en caer. Reitera que non pide colectores para unha persoa e si para un grupo de persoas de determinada zona e dille que non ten inconveniente de ir alí con el, así mesmo, dálle as grazas porque precisamente se puxo onte pola tarde.

De seguido intervén o concelleiro José Andrés Serantes Panceiras que lle pregunta á concelleira María Carmen Martínez Rodríguez se acepta a súa invitación e lle di que está a recoñecer que a invitou a ir no seu día, ao que a concelleira resposta que non se enterou da invitación e que ela só pediu un colector que se puxo onte, ao que responde o concelleiro José Andrés Serantes Panceiras dicindo que non é certo, que había dous colectores e se puxo un máis.

Prosegue a concelleira María Carmen Martínez Rodríguez dicindo respecto dos colectores que hai un escrito de 4 de agosto de 2011 no que se pedía outro colector para o lugar do Tellado e pregunta se está colocado e se ofrece ao concelleiro de Servizos para acompañalo á zona. Di que ela nunca falou da falla de seriedade concreta do concelleiro de Servizos, que o escrito manifestaba que quería que se lle atenda coa máxima seriedade e pon coma exemplo a acta do Pleno de febreiro na que achegou unha queixa da escola municipal que dicía que a directora estaba de baixa por maternidade e estaban faltos de persoal ao que se lle contestou que se miraría, que coma non se fixo nada nese mes volveu antes do Pleno de marzo a preguntar á escola infantil, e o que lle contesta o alcalde é que toma nota do rogo pero que non fixo nada porque non lle chegou información ningunha, o que quere dicir que a pregunta que fixo no mes de febreiro non se tomou en serio nin ninguén se molestou, que non quere dicir que non se traballe, que o que preguntou en febreiro dixeron que o ían mirar e que logo de volver preguntar en marzo lle dixeron que é a primeira noticia que teñen, polo que pensa que se lle esta tomando de pitorreo. Di que lle dixeron que hoxe ía haber unha reunión dos alcaldes para falar do tema do sector naval polo que pregunta se é que Fene non acudiu, se se suspendeu a reunión e se non se suspendeu e coincidir co Pleno como é que non se notificou o cambio para outro día. Roga que se tomen medidas en San Valentín onde os nenos xogan cuns tubos da estación de bombeo que presentan perigo. Di que no paseo marítimo de San Valentín hai un aseo público que sempre está no chan, polo que roga que se suxeite.

De seguido intervén o alcalde que di que toman nota dos rogos e di respecto da reunión dos alcaldes en relación co sector naval que efectivamente foi invitado á reunión que se ía celebrar hoxe, que pola mañá se avisou de que se cambiaba de sitio dende o Concello de Ferrol ao centro Torrente Ballester, que tratou de asistir a esa reunión pero lle dixeron que era conveniente que asistira ao Pleno e así o decidiu, di que ten un correo electrónico do representante do Comité de Empresa de Navantia de Ferrol no que desculpa a súa presenza e o mantería convenientemente informado e que el lle informou da decisión tomada en Fene respecto da petición de carga de traballo para os estaleiros da comarca e que para isto ía contar co apoio non só do alcalde se non de toda a Corporación, que sempre foi así.

E non habendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión ás 21:02 horas do día ao comezo sinalado, estendéndose de todo isto na presente acta, do que eu, secretario, dou fe.

Visto e praxe,
O alcalde-presidente

O secretario accidental,

Gumersindo Pedro Galego Feal

Fernando Aradas García